

## *Descrición*

A arte é non só un profundo reflexo da sociedade, senón un dos seus axentes transformadores e unha das súas bases fundamentais. A arte contribúe á creación e á transmisión cultural. A súa importancia no contexto da cultura e a sociedade contemporáneas resulta indiscutible, por canto a transformación e a diversidade dos patróns culturais están estreitamente vinculados cos patróns estéticos subxacentes, cuxa plasticidade permite unha educación integral. E todo iso é aínda máis notable no seo da cultura contemporánea. O título de Graduado/a en Belas Artes supón a última adaptación e actualización duns estudos con antecedentes históricos, perfectamente arraigados e que son recoñecibles socialmente.

Os estudos superiores de Belas Artes, están a xogar un papel imprescindible na formación de artistas e profesionais da creación e a cultura, de acordo coas demandas crecentes do seu entorno. De feito, é no ámbito da creación e da industria cultural onde, xunto á ensinanza, encontran sitio preferentemente os/as titulados/as en Belas Artes.

## *Contidos formativos básicos*

— Dotar o/a estudante dos instrumentos necesarios para a integración dos seus coñecementos en procesos de creación autónoma e/ou experimentación interdisciplinaria de maneira que poida desenvolver a súa práctica artística en todo tipo de formatos e espazos culturais.

— Preparar o/a estudante para unha práctica artística profesional que lle permita tanto asumir un compromiso coa realidade contemporánea como recibir o pleno recoñecemento social das súas competencias.

— Capacitar os/as graduados/as para poder continuar cuns estudos de posgrao nacionais ou europeos.

## *Perfil de acceso*

Considéranse máis adecuadas as persoas que reúnen coñecementos básicos sobre arte e cultura, inquietude e curiosidade polas manifestacións da arte e a cultura contemporáneas, habilidades básicas e sensibilidade para o manexo de ferramentas e materiais, capacidade para a aceptación da diversidade cultural, capacidades sensoriais e perceptivas ligadas á titulación, etc.

## *Saídas profesionais*

— Creación artística (artista plástico en todas as técnicas e medios creativos).

— Creatividade no ámbito audiovisual e das novas tecnoloxías.

— Creatividade no ámbito da imaxe.

— Experto/a cultural, asesoría e dirección artísticas.

— Docencia e educación artística.

— Outros profesionais artísticos.

## *Rama de coñecemento*

Artes e Humanidades

## *Prazas*

130

## *Créditos ECTS anuais*

60

## *Créditos ECTS totais*

240

---

### **Curso 1**

---

#### — Cuadrimestre 1

Expresión artística. Debuxo-forma  
Técnicas pictóricas  
Informática. Técnicas informáticas  
Antropoloxía. Antropoloxía da arte

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Expresión artística  
Técnicas escultóricas  
Técnicas fotográficas  
Historia. Historia da arte

---

---

### **Curso 2**

---

#### — Cuadrimestre 1

Escultura  
Técnicas gráficas  
Expresión gráfica. Sistemas de representación  
Arte, linguaxe e representación  
Psicoloxía. Psicoloxía da arte

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Imaxe en movemento  
Pintura  
Debuxo  
Procesos de espazo e tempo  
Arte. Arte e modernidade

---

---

### **Curso 3**

---

#### — Cuadrimestre 1

Produción artística: Imaxe 1  
Produción audiovisual: Audiovisuais  
Filosofía da arte

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Produción artística: Imaxe 2  
Produción artística: Obxecto e espazo  
Arte e contemporaneidade

---

---

### **Curso 4**

---

#### — Cuadrimestre 1

Procesos de investigación e creación  
4 Optativas

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Transmisión, mediación e educación artística  
Artes afíns  
Traballo de fin de grao

---

---

### **Optativas**

Xestión, ámbito artístico e mundo profesional / Arte e espazo social /  
Proxectos de escultura e instalacións / Proxectos de deseño / Proxectos  
gráficos dixitais / Arte, natureza e medio ambiente / Proxectos  
videográficos / Proxectos de debuxo e pintura / Proxectos de arte de  
acción / Proxectos fotográficos /

---

---

Complexos residenciais                      Alcai                      O Castro                      A Peregrina                      As Burgas

---

## **Complexo residencial concertado Alcai**

Está situado no centro histórico de Allariz, vila ourensá que posúe, desde 1971, a denominación de conxunto histórico-artístico e monumental e que obtivo, no ano 1994, o primeiro Premio Europeo de Planificación Urbana. Dispón de servizo continuo de autobuses ao Campus de Ourense e consta de dous edificios.

Alcai I dispón de apartamentos de 50 m<sup>2</sup>, con dous cuartos, sala con cociña e baño completo. Tamén dispón dun servizo de lavandaría (lavadora e secadora) en réxime de autoservizo.

Alcai II dispón de apartamentos de 50 m<sup>2</sup>, cun cuarto dobre, sala, cociña e baño completo. Tamén dispón dun servizo de lavandaría (lavadora e secadora) en réxime de autoservizo. En Alcai II están situadas as

zonas comúns (sala de informática, sala de estar e sala de televisión).

O Concello de Allariz pon á disposición dos residentes un amplo programa cultural que inclúe a escola de hípica municipal, o club de piragüismo, o pavillón polideportivo cuberto, rutas de sendeirismo e piscina climatizada.

*Datos de interese:*

Enderezo: Allariz. 32660 Ourense

Tel.: (+34) 988 442 006

Enderezo electrónico de contacto: reatur@allariz.com

---

## **Complexo residencial O Castro**

A residencia dispón de 218 prazas distribuídas en 19 apartamentos individuais e 199 apartamentos con cociña compartida.

Todos os apartamentos teñen:

- Cociña equipada
- Baño propio
- Mobiliario
- Calefacción
- Teléfono (líña directa) e conexión a internet
- Antena de televisión

Os servizos comúns dos que dispón o complexo residencial O Castro son:

- Sala de estudo
- Ximnasio

-Sala de televisión e vídeo

-Sala de estar e de xogos

-Cafetaría (servizos de venda automática: máquinas expendedoras de comida e bebidas)

-Lavandaría

*Datos de interese:*

Enderezo electrónico de contacto: ocastro@uvigo.es - ocastro@resa.es

Enderezo: rúa Xeración Nós, 4. Campus universitario Lagoas, Marcosende. 36310 Vigo.

Tel.: (+34) 986 031 000 / 986 031006

Fax: (+34) 986 031 001

<http://www.resa.es/gal/Residencias/O-Castro>

---

## **Residencia concertada A Peregrina**

Esta residencia está situada no centro urbano da cidade de Pontevedra, nas inmediacións das estacións de tren e autobús. A residencia dispón de cuartos individuais e dobres, con baño completo e teléfono.

A residencia conta cos seguintes servizos comúns:

- Cafetaría
- Comedor
- Sala de televisión
- Sala de estudo
- Sala de lectura

-Sala de ordenadores

*Datos de interese:*

Enderezo: avda. Eduardo Pondal, 76. 36003 Pontevedra

Tel.: (+34) 986 850 145

Fax: (+34) 986 858 512

<http://www.residencialaperegrina.com/>

---

---

### ***Complexo residencial As Burgas***

---

A residencia dispón de 204 prazas distribuídas en 133 cuartos individuais, 56 apartamentos con cociña compartida (cada dous) e 12 prazas en cuartos dobres.

Todos os apartamentos teñen:

- Cociña equipada
- Baño propio
- Mobiliario
- Calefacción
- Teléfono (liña directa) e conexión a internet
- Antena de televisión

Os servizos comúns dos que dispón o complexo residencial As Burgas son:

- Sala de estudo
- Ximnasio
- Sala de televisión e vídeo
- Sala de estar e de xogos
- Sala de fotografía
- Cafetaría (servizos de venda automática: máquinas expendedoras de comida e bebidas)

- Lavandaría
  - Aparcadoiro
- Tamén dispón de dormitorios adaptados para persoas discapacitadas.

*Datos de interese:*

Enderezo: Alfonso Rodríguez Castelao, 26. Campus de Ourense. As Lagoas. 32004 Ourense

Tel.: (+34) 988 010 400

Fax: (+34) 988 010 401

Web: <http://www.resa.es/gal/Residencias/As-Burgas>

**IMPORTANTE:** cada ano, polo mes de maio, realízase unha convocatoria para a adxudicación de prazas de residencia. Nesa mesma convocatoria tamén se establecen unhas axudas.

Mais información : [http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/vida/com](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/vida/com)

---

## Grao en Administración e Dirección de Empresas

Facultade de CC. Económicas e Empresariais  
Escola de Negocios Novacaixagalicia (Centro adscrito)  
Facultade de CC. Empresariais e Turismo

Campus de Vigo  
Campus de Vigo  
Campus de Ourense

### Descrición

O obxectivo central do título de Grao en Administración e Dirección de Empresas inclúe unha tripla perspectiva: o estudo das organizacións, a súa xestión e o entorno cambiante no que desenvolven as súas actividades, a formación de profesionais capaces de desempeñar tarefas de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións produtivas, e a unión das competencias aprendidas e o

desenvolvemento persoal para contribuír á sociedade. Todos estes labores desenvolveranse no ámbito global da organización ou en calquera das súas áreas funcionais: produción, recursos humanos, financiamento, comercialización, investimento, administración ou contabilidade.

### Contidos formativos básicos

— Ter amplos coñecementos e comprender as distintas áreas das empresas e a súa xestión coñecendo as relacións entre elas, as súas funcións e importancia.  
— Ter unha visión da empresa e da súa xestión influenciada por unha variedade de recursos educativos incluíndo aprendizaxe titorizada, traballo en equipo e estudo autónomo.

— Capacidade para desenvolver e aplicar as propias perspectivas aos estudos, xestionar a incerteza e a complexidade, explorar solucións alternativas, demostrar avaliación crítica e ser quen de integrar a teoría nun amplo rango de situacións.

### Perfil de acceso

Non se esixe que o alumnado teña unha formación específica previa para cursar esta titulación. En calquera caso, é recomendable que o estudantado teña interese no campo da xestión de organizacións, tanto empresariais como de calquera outro tipo, e que posúa algúns dos seguintes trazos:  
— Motivación e interese polo mundo da economía e a empresa.  
— Iniciativa e espírito de liderado para crear e xestionar negocios xeradores de emprego.  
— Dinamismo para enfrontarse a problemas e propoñer solucións.  
— Capacidade para integrar e dirixir equipos humanos.

### Saídas profesionais

— Produción.  
— Recursos humanos.  
— Financiamento.  
— Comercialización.  
— Investimento.  
— Administración.  
— Contabilidade.

### Rama de coñecemento

Ciencias Sociais e Xurídicas

### Prazas

240 Facultade de CC. Económicas e Empresariais (Vigo)  
60 Escola de Negocios Novacaixagalicia (Vigo)  
120 Facultade de CC. Empresariais e Turismo (Ourense)

### Créditos ECTS anuais

60

### Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Matemáticas  
Microeconomía  
Historia económica  
Fundamentos de administración empresarial

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Dereito mercantil  
Xestión de empresas  
Estatística  
Matemática das operacións financeiras  
Economía española e mundial

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Contabilidade financeira I  
Econometría  
Dirección de recursos humanos  
Dirección de operacións

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Contabilidade financeira 2  
Macroeconomía  
Decisións de investimento  
Dirección Comercial I  
Políticas económicas

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Dirección comercial II  
Decisións de financiamento  
Dirección estratéxica  
Teoría da organización e desenvolvemento organizativo  
Réxime fiscal da empresa

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Dirección estratéxica internacional  
Valoración de activos  
Contabilidade de custos  
Análise contable

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Investigación comercial  
Planificación financeira  
3 Optativas

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Proxecto de fin de grado  
3 Optativas

---

---

**Optativas**

---

**— Ourense**

Auditoría / Aspectos básicos da relación laboral e implicacións en materia de seguridade social / Lingua estranxeira para a empresa / Socioloxía do traballo / Réxime fiscal da empresa 2 / Xestión e innovación tecnolóxica / Deseño de sistemas de control orzamentario / Simulación e control interno de empresas / Técnicas operativas estatísticas / Creación e viabilidade de empresas / Marketing sectorial / Mercados financeiros /

---

---

**— Vigo**

Auditoría / Xestión do coñecemento e da innovación / Enxeñaría financeira / Finanzas internacionais / Marketing sectorial / Dereito do comercio internacional / Creación e simulación da xestión de empresas / Dirección de recursos de información na empresa / Xestión bancaria / Contabilidade financeira avanzada / Marketing responsable / Dereito penal de empresa /

---

## Descrición

A bioloxía considérase unha parte esencial do coñecemento humano. Por iso, o Grao en Bioloxía proporciona coñecementos e destrezas en morfoloxía, sistemática, estrutura, función e interacción dos seres vivos, así como análises relacionadas con estes. Un dos seus obxectivos é a formación de profesionais capaces de producir avances neste campo que resultan imprescindibles para o desenvolvemento da sociedade.

## Contidos formativos básicos

Os obxectivos da titulación consisten en capacitar os/as graduados/as para exercer a súa profesión dentro dos ámbitos de traballo e no marco das figuras profesionais que se indican nas competencias e saídas profesionais.

## Perfil de acceso

O perfil de ingreso recomendado é o do alumnado que accede á universidade polo bacharelato de Ciencias Medioambientais e da Saúde ou de calquera outro ámbito científico, ou por ciclos formativos de grao superior de anatomía patolóxica e citoloxía, dietética, produción acuícola, laboratorio de diagnóstico clínico, saúde ambiental ou calquera ámbito da bioloxía. Ademais, é recomendable que o estudantado teña as seguintes características: un amplo coñecemento das ciencias básicas (física, química, matemáticas e bioloxía), interese por temas relacionados coa natureza, inquietude por coñecer os seres vivos e o seu medio e motivación para o traballo de campo e de laboratorio.

## Saídas profesionais

- Medio ambiente.
- Sector agropecuario.
- Industria biotecnolóxica, farmacéutica, agroalimentaria, etc.
- Sanidade.
- Investigación, desenvolvemento e innovación.
- Dirección, xestión e organización de empresas e centros de distinto grupo.
- Docencia.
- Asesoría legal científico-técnica.
- Información, documentación e divulgación.
- Comercio e marketing.
- Sector do ocio (ecoturismo, xardíns, zoolóxicos, etc.).

## Rama de coñecemento

Ciencias

## Prazas

64

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Biología: Evolución  
Física dos procesos biolóxicos  
Xeoloxía  
Matemáticas aplicadas á bioloxía  
Química aplicada á bioloxía

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Biología: Solo, medio acuático e clima  
Biología: Técnicas básicas de laboratorio  
Biología: Técnicas básicas de campo e teledetección  
Estatística: Bioestadística

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Bioquímica I  
Botánica I: Algas e fungos  
Citoloxía e histoloxía animal e vexetal I  
Microbioloxía I  
Zooloxía I: Invertebrados non artrópodos

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Bioquímica II  
Botánica II: Arquegoniadas  
Citoloxía e histoloxía animal e vexetal II  
Xenética I  
Zooloxía II: Invertebrados artrópodos e cordados

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Ecoloxía I  
Fisioloxía animal I  
Fisioloxía vexetal I  
Xenética II  
Técnicas avanzadas en bioloxía

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Ecoloxía II  
Fisioloxía animal II  
Fisioloxía vexetal  
Microbioloxía II  
Inmunoloxía e parasitoloxía

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

5 Optativas

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Redacción e execución de proxectos  
Traballo de fin de grao  
1 Optativa

---

---

**Optativas**

Análise e diagnóstico clínico / Análise e diagnóstico medioambiental /  
Análise e diagnóstico agroalimentario / Producción animal / Producción  
vexetal / Producción microbiana / Avaliación de impacto ambiental /  
Biodiversidade : xestión e conservación / Xestión e conservación de  
espazos / Contaminación / Xestión e control de calidade / Prácticas  
externas /

---

## Descrición

O Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos ofrece unha aproximación científica e tecnolóxica á industria alimentaria, cubrindo todo o proceso de elaboración dos alimentos, desde a obtención das materias primas ata o proceso de distribución e venda, pasando pola produción, a conservación e o control da calidade tanto dos alimentos como das instalacións onde estes se manipulan e se almacenan.

Dotará ao estudiantado da formación e as ferramentas necesarias para desempeñar profesionalmente as actividades enumeradas.

## Contidos formativos básicos

- Coñecer e comprender os riscos alimentarios, capacitando o estudiantado para a súa análise e avaliación.
- Coñecer e comprender os procedementos e mecanismos de análise de alimentos.
- Coñecer e comprender as normativas vixentes en materia de alimentación, tanto nacionais como internacionais.
- Coñecer e comprender os procesos de xestión da seguridade alimentaria.

## Perfil de acceso

Considérase un perfil de ingreso no referente a coñecementos, habilidades e capacidades de partida dun nivel de bacharelato. Máis concretamente, as características persoais e académicas recomendadas son: coñecementos básicos sobre física, química, matemáticas e bioloxía; inquietude e curiosidade polo mundo da ciencia e a tecnoloxía; sensibilidade para coñecer as limitacións dos demais e capacidade de traballo en equipo.

## Saídas profesionais

- Xestión e control de calidade de procesos e produtos.
- Desenvolvemento e innovación de procesos e produtos.
- Procesado de alimentos.
- Comercialización, comunicación e marketing.
- Seguridade alimentaria.

## Rama de coñecemento

Ciencias

## Prazas

45

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Biología  
Física  
Matemáticas  
Xeoloxía  
Química

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Ampliación de física  
Ampliación de matemáticas  
Ampliación de química  
Informática  
Fisioloxía

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Economía e empresa  
Bioquímica  
Química analítica  
Química inorgánica  
Química orgánica

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Análise instrumental  
Introdución á enxeñaría química  
Microbioloxía  
Química e bioquímica alimentaria  
Química física

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Bromatoloxía  
Microbioloxía industrial alimentaria  
Nutrición e dietética  
Operacións básicas I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Ampliación de bromatoloxía  
Hixiene alimentaria  
Operacións básicas II  
Políticas alimentarias  
Tecnoloxía Alimentaria

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Ciencia e tecnoloxía da carne  
Ciencia e tecnoloxía de produtos pesqueiros  
Ciencia e tecnoloxía de produtos vexetais  
Ciencia e tecnoloxía do leite  
Viticultura  
Prácticas tuteladas

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Traballo de fin de grao  
4 Optativas

---

---

**Optativas**

Análise e control de calidade en enoloxía / Avaliación sensorial de alimentos / Biorreactores / Materias primas / Prevención de riscos laborais / Seguridade alimentaria / Xestión da calidade / Xestión de residuos /

---

## Descrición

O Grao en Ciencias Ambientais está constituído por uns estudos cun marcado contido multidisciplinario e outorga aos/ás titulados/as a formación axeitada para abarcar os problemas ambientais desde diversos ámbitos do coñecemento.

Os/as futuros/as graduados/as deben ter coñecementos sobre os aspectos teóricos e prácticos das ciencias naturais e sociais, así como as ferramentas necesarias para aplicalos á práctica.

## Contidos formativos básicos

— O perfil xeral do grao en Ciencias Ambientais debe estar orientado cara á formación de profesionais cunha visión multidisciplinaria e global da problemática ambiental, enfocada dende diversos sectores do coñecemento. O/A titulado/a en Ciencias Ambientais será capaz, dende esta visión ampla, de coordinar e completar os traballos de especialistas en distintas áreas.

— As ensinanzas conducentes á obtención do título de Grao en Ciencias Ambientais deberán proporcionar unha formación axeitada nos diferentes aspectos do medio. Un bo profesional do medio debe ser capaz de tratar a problemática ambiental con rigor e de forma interdisciplinaria, de acordo coa complexidade do seu ámbito de traballo.

— O devandito grao formará profesionais cunha orientación específica, tendo en conta todos os aspectos citados, cara á conservación e xestión do medio e os recursos naturais, a planificación territorial, a xestión e calidade ambiental nas empresas e administracións, baixo a perspectiva da sostibilidade.

— Estas ensinanzas dotarán os profesionais dos coñecementos, técnicas e ferramentas prácticas necesarias para a consecución de todos os obxectivos propostos e para permitirlles manter unha actitude aberta e autodidacta fronte ás novas problemáticas e realidades ambientais, a nova lexislación e tecnoloxías, así como as novas preocupacións e percepcións socioambientais.

## Perfil de acceso

Os coñecementos, capacidades e habilidades de partida do estudiantado procedente do bacharelato son suficientes para o ingreso neste grao. Sería tamén un perfil axeitado de ingreso o do alumnado procedentes de ciclos superiores de formación profesional preferentemente das ramas agrarias e ambientais. Asemade, valoraranse:

- Coñecementos básicos sobre física, química, matemáticas e bioloxía.
- Inquietude e curiosidade sobre o mundo da ciencia e a tecnoloxía en todos os seus ámbitos, e en especial no relacionado co mundo agrario e o medio natural.
- Sensibilidade para recoñecer as limitacións dos demais e facilitar a súa aprendizaxe.
- Capacidades básicas para a expresión oral e escrita e para a comprensión lectora.
- Habilidades sociais básicas para o traballo en equipo.

## Saídas profesionais

- Formación e educación ambiental.
- Investigación.
- Sistemas de xestión da calidade ambiental na empresa e organizacións. Auditorías.
- Xestión ambiental na administración.
- Consultaría e avaliación de impacto ambiental.
- Tecnoloxía ambiental industrial.
- Xestión do medio natural.

## Rama de coñecemento

Ciencias

## Prazas

45

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Física  
Química  
Matemáticas  
Biología  
Xeoloxía

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Ampliación de física  
Ampliación de química  
Ampliación de matemáticas  
Lexislación ambiental  
Informática

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Física ambiental  
Modelos matemáticos aplicados  
Edafoloxía  
Empresa: economía e empresa  
Ecoloxía

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Microbioloxía  
Análise instrumental  
Botánica  
Zooloxía  
Riscos xeolóxicos e cartografía. Ambiental

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Hidroloxía  
Enxeñaría ambiental  
Avaliación de impactos ambientais  
Modelización e simulación ambiental  
Energía e sostibilidade enerxética

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Ordenación do territorio e paisaxe  
Xestión de residuos  
3 Optativas

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Auditoría e xestión Ambiental  
Cambio climático  
3 Optativas

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Traballo de fin de grao  
4 Optativas

---

---

**Optativas**

Climatoloxía Física / Oceanografía / Meteoroloxía / Química atmosférica / Contaminación atmosférica / Teledetección e SIG / Técnicas de análises e predición meteorolóxica / Aerobioloxía / Bioclimatoloxía / Xestión e conservación da auga / Avaliación e

conservación de solos / Análises e calidade do aire / Contaminación de ecosistemas terrestres / Biodiversidade / Xestión de espazos naturais e protexidos / Ampliación de enxeñaría ambiental / Prácticas de empresa / Prevención de riscos laborais /

---

## Descrición

O Grao en Ciencias do Mar ten como obxectivo a preparación científica e práctica de profesionais relacionados co ámbito mariño e litoral, proporcionando aos/ás novos/as graduados/as unha formación multidisciplinaria aplicable a actividades pesqueiras, acuicultura, oceanografía, medio ambiente e a súa protección, xestión e ordenación do litoral, turismo sostible e novos recursos alimentarios e minerais de interese industrial, así como capacidades para o ensino, carácter emprendedor e unha iniciación na investigación básica.

## Contidos formativos básicos

— Realizar investigacións en diferentes campos.  
— Prestar asesoramento en materias das que son competentes os/as titulados/as tales como recursos mariños, temas medio ambientais, impactos, etc., en resposta ás peticións das administracións públicas ou das empresas.

— Formar, á súa vez, outros científicos técnicos.

## Perfil de acceso

Os coñecementos previos recomendables para o alumnado que queira cursar o Grao en Ciencias do Mar son os do estudantado que accede á universidade polo bacharelato de Ciencias, no que se imparten as catro disciplinas científicas básicas: bioloxía, xeoloxía, física e química e matemáticas.

## Saídas profesionais

— Oceanografía química.  
— Oceanografía física.  
— Oceanografía xeolóxica.  
— Oceanografía biolóxica e recursos vivos.  
— Xestión, economía, lexislación e contaminación do medio mariño.

## Rama de coñecemento

Ciencias

## Prazas

70

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Bioloxía I  
Física I  
Matemáticas I  
Química I  
Xeoloxía I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Bioloxía II  
Física II  
Matemáticas II  
Química II  
Xeoloxía II

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Bioquímica  
Botánica mariña  
Estatística  
Sedimentoloxía  
Oceanografía química I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Ecoloxía mariña  
Medios sedimentarios, costeiros e mariños  
Principios de microbioloxía mariña  
Zooloxía mariña  
Oceanografía química II

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Fisioloxía de organismos mariños  
Oceanografía biolóxica I  
Oceanografía física I  
Oceanografía xeolóxica I  
Química aplicada ao medio mariño I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Química aplicada ao medio mariño II  
Oceanografía biolóxica II  
Oceanografía física II  
Oceanografía xeolóxica II  
1 Optativa

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Dinámica oceánica  
Contaminación mariña  
Pesquerías  
Xestión mariña e litoral  
Xeoloxía mariña aplicada

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Acuicultura  
Traballo de fin de grao  
3 Optativas

---

---

**Optativas**

Prácticas en empresa / Economía e lexislación / Recursos xenéticos mariños / Análise de bacías / Teledetección oceanográfica / Bioloxía de peces e mariscos / Parasitoloxía e microbioloxía mariña / Métodos en análise xeográfico / Modelización /

---

## Descrición

O Grao en Comercio da Universidade de Vigo ofrece unha ensinanza pública universitaria centrada na xestión integral da empresa, organismos e institucións. Os/As graduados/as en Comercio adquirirán competencias que lles permitan desenvolver unha pluralidade de habilidades necesarias nunha actividade de amplo recoñecemento e tradición: xestión integral de empresas, facendo especial fincapé no aspecto comercial; de comunicación e negociación de ámbitos internacionais na propia lingua ou en linguas estranxeiras; de dirección de equipos interdisciplinarios e de vendas; de xestión de bases de datos, en particular as de clientes para captalos, retelos ou fidelizalos de xeito sostible para a empresa.

## Contidos formativos básicos

O Grao en Comercio ten como obxectivo xeral formar profesionais capacitados para desempeñar labores propios do departamento comercial e demais departamentos de organización, proporcionándolles unha formación práctica e de aplicación directa. Os/As graduados/as en Comercio posuirán un coñecemento amplo e profundo do mundo das organizacións e das áreas que as conforma e estarán formados para a análise, o diagnóstico e a toma de decisións estratéxicas mediante a correcta utilización dos métodos, procedementos e ferramentas de aplicación ás organizacións.

Contarán, ademais, con habilidades de planificación e xestión comercial, xestión do comercio exterior, xestión de aprovisionamentos e distribución, dirección de equipos e vendas, investigación de mercados, sistemas de información integrados para a xestión, contratación laboral e tributación de operacións comerciais, entre outros.

## Perfil de acceso

O Grao en Comercio está dirixido especialmente a estudantes interesados no ámbito do comercio e con vontade de dominar coñecementos, técnicas e habilidades directivas necesarias para desempeñar o seu labor nas organizacións. Persoas con iniciativa, capacidade analítica, motivación cara á toma de decisións e a resolución de problemas, calidades de comunicación, de traballo en equipo, de utilización fluída dos idiomas e das TIC, entre outros.

## Saídas profesionais

Os postos de traballo que poderán desempeñar os/as graduados/as en Comercio abarcan un espectro moi amplo que se desenvolve a diferentes niveis no marco dos organismos e institucións públicas e privadas. No ámbito dos negocios, desde responsable de xestión integral, pasando por unha pluralidade de actividades vinculadas ao comercio como responsable comercial, de marketing, de vendas, de produto, de distribución, etc. ata técnico comercial do Estado.

## Rama de coñecemento

Ciencias Sociais e Xurídicas

## Prazas

120

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Matemáticas  
Economía: Microeconomía  
Socioloxía: Socioloxía económica e do consumo  
Empresa: Principios de xestión responsable  
Empresa: Matemáticas comerciais

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Economía: Economía española e mundial  
Economía: Macroeconomía  
Estatística  
Empresa: Fundamentos de marketing  
Empresa: Fundamentos de contabilidade

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Contabilidade financeira  
Dereito mercantil  
Técnicas de mostraxe  
Idioma Comercial  
Informática aplicada á xestión comercial

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Contabilidade de custos e xestión I  
Finanzas corporativas I  
Marketing estratéxico  
Xestión de aprovisionamentos e distribución comercial  
Régime fiscal da empresa

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Contabilidade de custos e xestión II  
Finanzas corporativas II  
Sistemas integrados de planificación e xestión comercial  
Xestión do comercio exterior  
Idioma para a negociación intercultural

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Presentación e interpretación da información financeira  
Xestión de axudas para proxectos empresariais  
Marketing internacional  
Dereito do traballo  
Tributación das operacións comerciais

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Sistemas de información integrados para a xestión  
Creación de empresas comerciais  
3 Optativas

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Traballo de fin de grao  
Prácticas externas  
3 Optativas

---

---

**Optativas**

Contabilidade das combinacións de negocios / Xestión de riscos financeiros / Habilidades directivas / Institucións da seguridade social / Investigación operativa / Técnicas de investigación social / Investigación de mercados / Economía internacional / Idioma para a comunicación

internacional / Historia económica da empresa e do comercio / Comercio electrónico: Elementos informáticos / Contratación mercantil /

---

## Grao en Comunicación Audiovisual

Facultade  
de Ciencias Sociais  
e da Comunicación

Campus de Pontevedra

### Descrición

A consideración da comunicación, no seu sentido máis amplo, como factor económico clave na política de empresa, certifica o interese deste grao, no que se forman profesionais que, en consonancia coa crecente demanda laboral e a expansión do sector audiovisual no noso país e no resto da Unión Europea, poidan desenvolver optimamente as tarefas de guionista, director, realizador audiovisual, produtor, xestor, editor ou deseñador de posproducción en medios audiovisuais convencionais e multimedia, sen esquecer a faceta cultural e humanista que vai caracterizar o seu traballo, xunto á capacidade crítica, analítica e reflexiva en relación ao feito audiovisual.

### Contidos formativos básicos

- Capacidade analítico-crítica de natureza pluridisciplinaria orientada á comunicación e ao seu entorno socioeconómico.
- Capacidade para levar a cabo labores profesionais de tipo práctico en producións de radio, vídeo, televisión e multimedia.
- Capacidade creativa e dominio da linguaxe audiovisual.
- Predisposición á innovación nos diferentes soportes e producións.
- Facilitade para adaptarse á comunicación nos futuros ambientes multimedia.

### Perfil de acceso

Entre as características que debería reunir o estudantado figuran as seguintes: interese en todo o relativo á comunicación, medios e soportes; capacidade creativa e habilidade no dominio da linguaxe audiovisual; facilidade para adaptarse á comunicación e ao cambio tecnolóxico no ámbito audiovisual e ambientes multimedia; boa capacidade para a expresión oral e a comprensión lectora etc.

### Saídas profesionais

- Guionista, produtor e realizador audiovisual e multimedia.
- Profesional que diseña, planifica e organiza os recursos humanos, medios técnicos e orzamentarios para a produción de obras audiovisuais en soportes convencionais e interactivos.

### Rama de coñecemento

Ciencias Sociais e Xurídicas

### Prazas

45

### Créditos ECTS anuais

60

### Créditos ECTS totais

240

---

### **Curso 1**

---

#### — Cuadrimestre 1

Lingua: Lingua española ou lingua galega  
Socioloxía: Socioloxía do cambio social e cultural  
Comunicación: Comunicación escrita  
Comunicación: Teorías da imaxe  
Teoría e técnica da fotografía

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Ciencia política: Política, cidadanía e democracia  
Teoría e historia da comunicación  
Teoría e técnica cinematográfica  
Comunicación radiofónica  
Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais

---

---

### **Curso 2**

---

#### — Cuadrimestre 1

Dereito: Dereito da comunicación  
Empresa: Dirección e xestión de empresas audiovisuais  
Ciencia política: Políticas públicas do audiovisual  
Teoría e historia dos xéneros audiovisuais  
Técnicas de edición dixital

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Empresa: Marketing de produtos audiovisuais e multimedia  
Documentación audiovisual  
Expresión sonora e estilos musicais  
Animación en contornas dixitais e multimedia  
Xestión de proxectos audiovisuais e interactivos

---

---

### **Curso 3**

---

#### — Cuadrimestre 1

Estratexias publicitarias e de relacións públicas para produtos audiovisuais  
Narrativa audiovisual  
Guión, produción e realización para televisión  
1 Optativa

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Estrutura do sistema audiovisual  
Guión, produción e realización de programas de ficción  
1 Optativa

---

---

### **Curso 4**

---

#### — Cuadrimestre 1

Propaganda en medios audiovisuais  
Posprodución audiovisual  
Dirección artística e escénica  
3 Optativas

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Obradoiro de prácticas profesionais ou prácticas externas  
Traballo de fin de grao  
1 Optativa

---

---

### **Optativas**

Técnicas de programación para televisión / Guión e deseño multimedia / Teoría e técnica do documental / Proxectos interactivos en novos medios: Web / Crítica audiovisual / Guión, produción e realización para programas de entretemento / Proxectos interactivos

---

en novos medios: Telefonía móbil e TDT / Videoxogos: Deseño e desenvolvemento / Produción e realización en novos formatos / Redes audiovisuais en internet /

---

## Grao en Consultaría e Xestión da Información

Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

Campus de Ourense

### Descrición

O obxectivo central do Grao en Consultaría e Xestión da Información é formar profesionais na optimización de procesos empresariais por medio das tecnoloxías da información. Para isto faise necesario integrar a xestión das organizacións, a xestión da información e as tecnoloxías da información.

O Grao en Consultaría e Xestión da información combina unha sólida formación empresarial cos coñecementos necesarios para unha axeitada aplicación das teorías da información e a comunicación na xestión das organizacións.

Ten un marcado carácter interdisciplinario, xa que integra materias do ámbito económico e empresarial con outras do ámbito tecnolóxico, así como unha orientación profesionalizante. Preténdese acadar unha actitude positiva e crítica cara ás tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e a empresa, sempre desde a perspectiva do papel que estas desempeñan na xestión empresarial, como reflexo do dinamismo e o carácter vibrante propio do ámbito de negocio.

### Contidos formativos básicos

- Acadar amplos coñecementos e comprender as distintas áreas das empresas e a súa xestión coñecendo as relacións entre elas, as súas funcións e a súa importancia nun contexto integrado.
- Adquirir amplos coñecementos e comprender o desenvolvemento, xestión e explotación de sistemas de información e o seu impacto nas organizacións.
- Comprender o potencial das TICs, avaliar a súa aplicación na empresa e empregalas na xestión para mellorar os procesos de negocio.

- Acadar unha visión da xestión empresarial e das TICs influenciada por unha variedade de recursos educativos incluíndo aprendizaxe titorizada en contornos presenciais ou virtuais, traballo en equipo e estudo autónomo.
- Capacitarse para xestionar a incerteza e a complexidade, explorar solucións alternativas, demostrar avaliación crítica e ser capaz de integrar a teoría e a práctica nun amplo rango de situacións.

### Perfil de acceso

Estudantes interesados nas da información e a comunicación e a empresa, con capacidade de razoamento lóxico, abstracción e síntese, habilidade para traballar en equipo así como para planificar. Recoméndase o coñecemento da lingua inglesa.

### Saídas profesionais

- Xestión de sistemas de información, derivada do coñecemento da organización empresarial e dos fluxos de información que a mesma xera.
- Proposta de novas formas de organización e de optimización dos procesos de xestión, baseados no coñecemento tecnolóxico e dos sistemas de información empresarial.
- Dirección de departamentos de tecnoloxía da información, tendo en conta tanto o aspecto tecnolóxico como o de xestión de recursos humanos.
- Dirección de unidades de negocio en empresas de servizos.

### Rama de coñecemento

Ciencias Sociais e Xurídicas

### Prazas

45

### Créditos ECTS anuais

60

### Créditos ECTS totais

240

---

### **Curso 1**

---

#### — Cuadrimestre 1

Economía: Microeconomía  
Empresa: Fundamentos de administración  
Historia: Historia económica  
Matemáticas: Matemáticas

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Economía: Economía española e mundial  
Empresa: Matemática das operacións financeiras  
Empresa: Xestión de empresas  
Estatística: Estatística  
Lingua estranxeira I (inglés, francés)

---

---

### **Curso 2**

---

#### — Cuadrimestre 1

Decisións financeiras  
Empresa: Contabilidade financeira I  
Habilidades sociais e técnicas de grupo  
Lingua estranxeira II (inglés, francés)  
Técnicas econométricas para a xestión

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Aspectos legais de TICs  
Contabilidade financeira II  
Métodos estatísticos para a xestión de sistemas de información  
Planificación e administración de tecnoloxías da información  
Sociedade da información

---

---

### **Curso 3**

---

#### — Cuadrimestre 1

Contabilidade de xestión  
Dirección de persoas  
Lingua estranxeira III (inglés, francés)  
Modelos operativos de xestión  
Sistemas de soporte ao negocio electrónico

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Dirección de operacións e loxística  
Internet marketing  
Métodos e técnicas para o desenvolvemento de sistemas de información  
Xestión de módulos financeiro-contables de ERPs

---

---

### **Curso 4**

---

#### — Cuadrimestre 1

Investigación de mercados  
Sistemas de información para o control de xestión  
Xestión do coñecemento e innovación  
3 Optativas

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Traballo de fin de grao  
3 Optativas

---

---

### **Optativas**

Marketing relacional en s-Business / Operacións financeiras a través da rede / Tecnoloxías de comercio electrónico / Xestión da cadea de suministro integrada / Comunicación comercial multimedia / Dereito á protección de datos persoais / Fiscalidade da empresa / Mercados

---

financeiros: Operativa electrónica / Xestión de proxectos / Xestión documental para a administración da información /

---

## Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Campus de Pontevedra

### Descrición

O Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte responde á conversión do sistema deportivo nun produto de mercado significativo nas sociedades contemporáneas, así como á actual promoción de estilos de vida activos e saudables, a través da formación en eidos como o coñecemento e comprensión dos factores fisiolóxicos e biomecánicos que condicionan a práctica da actividade física e o deporte, dos factores sociais e de comportamento que condicionan a súa práctica, ou os efectos da mesma sobre a estrutura e función do corpo humano, entre outros.

### Contidos formativos básicos

— Coñecer e comprender os fundamentos do deporte.  
 — Coñecer e comprender os factores fisiolóxicos e biomecánicos que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.  
 — Coñecer e comprender os efectos da práctica do exercicio físico sobre a estrutura e función do corpo humano.

— Coñecer e comprender os fundamentos do exercicio físico, xogo motor, danza, expresión corporal e actividades na natureza.

### Perfil de acceso

Considérase un perfil de ingreso no referente a coñecementos, habilidades e capacidades de partida dun nivel de bacharelato. Máis concretamente, as características persoais e académicas recomendadas son: coñecementos básicos sobre bioloxía, anatomía humana, física, filosofía e historia; interese pola práctica da actividade física e o deporte; inquietude e curiosidade sobre as manifestacións da motricidade e o deporte; habilidades básicas deportivas e dominio do corpo; sensibilidade para reconecer as limitacións dos demais e facilitar a súa aprendizaxe.

### Saídas profesionais

— Docencia da educación física.  
 — Ensino e adestramento deportivo.  
 — Preparación física de deportistas e equipos.  
 — Xestión e recreación deportiva.  
 — Actividade física para a saúde.

### Rama de coñecemento

Ciencias Sociais e Xurídicas

### Prazas

100

### Créditos ECTS anuais

60

### Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Educación. Pedagogía da educación física e o deporte  
Educación. Aprendizaxe e control motor na educación física e o deporte  
Anatomía humana para o movemento  
Xogo motor  
Fisioloxía do exercicio I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Psicoloxía da actividade física e o deporte  
Socioloxía e historia da actividade física e o deporte  
Anatomía humana e cinesiología  
Fundamentos das actividades de loita  
Fundamentos da motricidade

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Fundamentos dos deportes colectivos I  
Fundamentos dos deportes individuais  
Educación. Epistemoloxía das ciencias da actividade física, o deporte e a educación física  
Estatística. Metodoloxía da investigación e estatística na actividade física e o deporte

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Fundamentos dos deportes colectivos II  
Fundamentos dos deportes ximnásticos  
Expresión corporal e danza  
Fisioloxía do exercicio II

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo I  
Didáctica dos procesos de ensinanza-aprendizaxe na actividade física e o deporte I  
Xestión e organización dos sistemas deportivos I  
Valoración e prescrición do exercicio físico para a saúde  
1 Optativa

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo II  
Didáctica dos procesos de ensinanza-aprendizaxe na actividade física e o deporte II  
Actividade física e deporte adaptado  
Actividade física e deporte recreativo  
1 Optativa

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Xestión e organización dos sistemas deportivos II  
Ocio e turismo deportivo  
3 Optativas

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Practicum  
Traballo de fin de grao  
Actividades físicas e de aventura no medio natural

---

---

**Optativas**

Xerontoloxía e actividade física / Actividades de fitness / Deportes náuticos / Biomecánica da técnica deportiva / Programas de exercicio físico e benestar / Marketing e dirección de empresas deportivas / Psicoloxía do adestramento deportivo / Especialización en deportes

---

individuais / Especialización en deportes colectivos / Actividades físicas de ocio / Exercicio físico para persoas maiores /

---

Grao en Dereito

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo  
Facultade de Dereito

Campus de Vigo  
Campus de Ourense

## Descrición

O obxectivo fundamental deste grao é formar profesionais de perfil xurídico, cun coñecemento global de todas as áreas relacionadas co dereito. O Grao en Dereito proporciona a estrutura xeral e os conceptos fundamentais das diversas disciplinas xurídicas, para que, sobre a base dos mesmos, os/as graduados/as poidan identificar, analizar e dar solución aos problemas xurídicos, no exercicio libre, en empresas ou en administracións públicas coas funcións de asesoramento

legal, representación e defensa legal, dación de fe pública, xestión pública, cualificación rexistral, defensa da lexislación e dos dereitos da cidadanía, xulgar e executar o xulgado, dirección e coordinación tanto en ámbito privado como público, mediación, conciliación e arbitraje.

## Contidos formativos básicos

Proporcionar ao alumnado a estrutura xeral e os conceptos fundamentais das diversas disciplinas xurídicas, para que, sobre esta base, poidan identificar, analizar e dar solución aos problemas xurídicos.

## Perfil de acceso

Poderán cursar estes estudos o alumnado procedente de calquera rama do bacharelato así como os/as titulados de ciclos formativos de grao superior de determinadas especialidades. Polo demais, non se exige formación previa específica.

## Saídas profesionais

- Avogacía.
- Procuradoría.
- Xudicatura.
- Ministerio fiscal.
- Secretaría de xulgado.
- Notaría.
- Rexistro.
- Docencia.
- Funcionariado.
- Empresa privada.
- Asociacións e organizacións privadas.

## Rama de coñecemento

Ciencias Sociais e Xurídicas

## Prazas

80 Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (Vigo)  
60 Facultade de Dereito (Ourense)

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

### Curso 1

---

#### — Cuadrimestre 1

Dereito: Dereito constitucional I  
Dereito: Dereito romano  
Economía: Principios de economía  
Dereito: Teoría do dereito

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Dereito: Dereito constitucional II  
Empresa: Fundamentos de contabilidade e finanzas  
Historia: Historia do dereito  
Dereito: Introducción ao dereito civil e dereito da persoa  
Informática: Novas tecnoloxías aplicadas ao dereito

---

---

### Curso 2

---

#### — Cuadrimestre 1

Dereito administrativo I  
Dereito civil I. Obrigas e contratos  
Dereito internacional público  
Dereito penal I

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Dereito civil II. Dereitos reais  
Dereito financeiro e tributario I  
Dereito mercantil I  
Dereito penal II

---

---

### Curso 3

---

#### — Cuadrimestre 1

Dereito administrativo II  
Dereito civil III. Familia e sucesións  
Dereito mercantil II  
Sistema xudicial español e proceso civil

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Dereito do traballo e da seguridade social  
Dereito financeiro e tributario II  
Dereito internacional privado  
Dereito procesual penal

---

---

### Curso 4

---

#### — Cuadrimestre 1. Ourense

Dereito comunitario  
Procesos especiais e métodos alternativos de solución de conflitos  
Xurisdición contencioso-administrativa e proceso laboral  
2 Optativas

---

---

#### — Cuadrimestre 2. Ourense

Traballo de fin de grao  
4 Optativas

---

---

#### — Cuadrimestre 1. Vigo

Economía española e da Unión Europea  
Fundamentos de administración de empresas  
Fundamentos económicos de defensa da competencia  
2 Optativas

---

---

#### — Cuadrimestre 2. Vigo

Traballo de fin de grao  
4 Optativas

---

---

### Optativas

---

#### — Ourense

Argumentación e interpretación xurídica / Dereito de defensa da competencia / Dereito mercantil europeo / Relacións internacionais, constitución e Unión Europea / Dereito de danos e responsabilidade civil / Dereito penitenciario e penoloxía / Dereito penal e procesual de menores / Prácticas externas / Dereito da nacionalidade e da estranxeiría / Dereito tributario, comunitario e internacional / Libre circulación de traballadores e políticas sociais europeas / Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e dereito anglosaxón /

---

---

#### — Vigo

Dereito concursal / Propiedade industrial e competencial / Dereito da seguridade social / Dereito penal de empresa / Interpretación financeira do dereito contable / Dereito do comercio internacional / Dereito marítimo / Tutela procesual do crédito / Prácticas externas / Interpretación financeira do dereito contable / Constitución económica / Dereito administrativo económico: Réxime fiscal da empresa /

---

## Grao en Dirección e Xestión Pública

Facultade  
de Ciencias Sociais  
e da Comunicación

Campus de Pontevedra

### Descrición

Pretende proporcionar ao estudantado unha base sólida de coñecementos básicos en ciencia política e administración pública, dereito, economía e empresa, socioloxía, informática e estatística, orientados cara a xestión pública de xeito que os/as futuros/as graduados/as coñezan a natureza e os métodos aplicables á xestión e administración pública desde unha perspectiva histórica e contemporánea.

### Contidos formativos básicos

- Inculcar ao estudantado o interese pola aprendizaxe da xestión e administración pública dentro dos sistemas político-administrativos desde unha perspectiva interdisciplinaria.
- Coñecer a natureza e os métodos aplicables á xestión e administración pública desde unha perspectiva histórica e contemporánea.
- Desenvolver no estudantado as habilidades esixidas para aplicar os coñecementos adquiridos na práctica profesional.

### Perfil de acceso

Non se esixen competencias previas na área de ciencias sociais para cursar esta titulación. En calquera caso, recoméndase o acceso a este grao ao estudantado con curiosidade por comprender todo o relacionado coa Administración Pública e boa disposición para o razoamento abstracto. Valórase especialmente a capacidade de análise, a facilidade para separar as causas das consecuencias, etc. Cabe sinalar que os alumnos deberán ser persoas flexibles e capaces de enfrontarse a problemas non estruturados.

### Saídas profesionais

- Técnico/a de organizacións públicas: técnico/a nas administracións públicas, xestor/a de organizacións, analista de políticas públicas e analista político.
- Xestor/a de proxectos: asesor/a e consultor/a, analista de políticas públicas e axente de desenvolvemento local.

### Rama de coñecemento

Ciencias Sociais e Xurídicas

### Prazas

45

### Créditos ECTS anuais

60

### Créditos ECTS totais

240

---

### **Curso 1**

---

#### — Cuadrimestre 1

Dereito: Dereito administrativo I  
Dereito: Dereito constitucional  
Economía: Economía  
Ciencia política I: Introducción á ciencia política  
Ciencia política II: Fundamentos de ciencia da administración

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Economía: Empresa: Contabilidade financeira  
Socioloxía: Estrutura social contemporánea  
Estatística: Introducción á estatística administrativa  
Ciencia política III: Políticas públicas  
Ciencia política IV: Sistema político español e galego

---

---

### **Curso 2**

---

#### — Cuadrimestre 1

Política e economía da Unión Europea  
Dereito administrativo II  
Dereito do traballo e da seguridade social  
Dereito financeiro e tributario  
Xestión de documentos e información administrativa

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Sector público  
Xestión de recursos humanos I: Perspectiva legal  
Xestión de recursos humanos II: Organización e xestión do emprego público  
Xestión pública e organización de servizos públicos

---

---

### **Curso 3**

---

#### — Cuadrimestre 1

Cálculo financeiro aplicado ao sector público  
Gobernos locais  
Habilidades directivas nas administracións públicas  
Xestión da contratación do sector público  
Xestión tributaria

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Contabilidade pública  
Dirección pública: Liderado e lexitimidade  
Marketing público e do sector non lucrativo  
Metodoloxías e técnicas de investigación social aplicadas ás administracións públicas  
Técnicas de xestión orzamentaria

---

---

### **Curso 4**

---

#### — Cuadrimestre 1

5 Optativas

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Prácticas externas: Prácticas en institucións, empresas e organización públicas  
Traballo de fin de grao  
1 Optativa

---

---

### **Optativas**

Avaliación de políticas, programas e proxectos públicos / Axenda pública: Percepción cidadá das políticas e servizos públicos / Ética pública e responsabilidade xurídica do empregado público / Financiamento autonómico e local / Modelos de mellora continua nas administracións públicas e no sector non lucrativo / Participación política e sociedade civil / Pensamento e planificación estratéxica no ámbito público e o sector non lucrativo / Socioloxía do desenvolvemento

---

local / Xestión de proxectos no ámbito autonómico e local / Xestión de proxectos públicos e do sector non lucrativo / Institucións político-administrativas en perspectiva comparada / Técnicas de comunicación electoral e institucional / Goberno e administración electrónica / Novas tecnoloxías aplicadas á xestión pública /

---

## Grao en Economía

Facultade  
de Ciencias Económicas  
e Empresariais

Campus de Vigo

### Descrición

O Grao en Economía ten como obxectivo a formación de profesionais capaces de analizar o comportamento dos mercados, a conduta dos axentes económicos e as consecuencias das medidas de política económica tomadas polas administracións públicas, buscando respostas a problemas tales como a inflación, o crecemento económico, o paro, os desaxustes monetarios ou os problemas relacionados coa sostibilidade.

### Contidos formativos básicos

- Ter capacidade para describir e analizar, conceptual e empiricamente, o comportamento dos axentes económicos.
- Demostrar unhas competencias específicas, incluíndo a aplicación dos coñecementos adquiridos.
- Ter unha visión da economía e a súa operación, influenciada por unha variedade de recursos educativos.
- Adquirir a capacidade para desenvolver e aplicar as perspectivas propias aos estudos.

### Perfil de acceso

Non se exige formación específica previa para cursar esta titulación. En calquera caso, recoméndaselle o acceso a este grao ao estudiantado interesado no campo da análise e solución de problemas económicos e que posúa algúns dos seguintes trazos: motivación e interese polo mundo da economía e a empresa; iniciativa e espírito crítico á hora de abordar o estudo de temas económicos; dinamismo para enfrontarse a problemas e propoñer solucións.

### Saídas profesionais

- Servizos de estudos e planificación.
- Fiscalidade.
- Administración pública.
- Organismos internacionais.
- Comercio exterior.
- Dirección ou xerencia de empresas.
- Consultoría económica.
- Docencia e investigación.

### Rama de coñecemento

Ciencias Sociais e Xurídicas

### Prazas

60

### Créditos ECTS anuais

60

### Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Ciencia política: Ciencia política  
Economía: Principios de economía I  
Historia: Historia económica  
Matemáticas: Matemáticas I  
Economía: Técnicas de economía aplicada

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Dereito: Dereito mercantil  
Economía: Economía mundial  
Economía: Principios de economía II  
Empresa: Economía de empresa  
Estatística: Estadística I

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Economía española  
Finanzas  
Matemáticas II  
Microeconomía I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Contabilidade  
Dirección de empresas  
Estatística II  
Microeconomía II

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Econometría I  
Economía pública  
Macroeconomía I  
Política económica

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Econometría II  
Economía dos servizos públicos  
Economía industrial  
Macroeconomía II  
Políticas económicas comparadas

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Comercio internacional  
Economía internacional  
3 Optativas

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Traballo de fin de grao  
3 Optativas

---

---

**Optativas**

---

Benestar, equidade e xénero / Economía da Unión Europea / Economía de Galicia / Economía dos recursos naturais e do medio ambiente / Historia económica de España / Tributación / Dereito administrativo económico / Dereito concursal / Dereito da competencia / Economía da innovación / Economía do transporte / Macroeconomía avanzada /

---

<b>Grao en Educación Infantil</b>	E. U. de Maxisterio María Sedes Sapientae (Centro adscrito) Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte Facultade de Ciencias da Educación	Campus de Vigo Campus de Pontevedra Campus de Ourense
-----------------------------------	--	---

## Descrición

O obxectivo deste grao é asegurar a formación pedagóxica, psicolóxica, lingüística, sociolóxica, científica, tecnolóxica e artística do futuro profesorado de educación infantil (0-6 anos) coherente cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, igualdade efectiva de mulleres e homes, de fomento da educación e da cultura da paz, de maneira que poidan desempeñar con eficiencia, eficacia e calidade a súa función docente, titorial e xestora.

## Contidos formativos básicos

— Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da educación infantil.

— Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional e psicomotora.

## Perfil de acceso

Este grao está orientado ao estudiantado interesados no exercicio da docencia, especialmente con nenos e nenas nos seus primeiros anos de vida (0-6 anos). O alumnado deberá mostrar interese por actividades humanitarias, responsabilidade e compromiso ético, crítico e auto-crítico. É preciso que teña capacidade de traballo en grupo, que sexa persuasivos, emprendedor e que teña facilidade para as relacións interpersoais. Asemade, deberá posuír un bo coñecemento do español e do galego así como nocións básicas dun idioma estranxeiro e bos coñecementos nos ámbitos científicos, matemáticos, informáticos, educación física e expresión artística.

## Saídas profesionais

— Mestre/a en Educación Infantil.

## Rama de coñecemento

Ciencias Sociais e Xurídicas

## Prazas

75 E. U. de Maxisterio María Sedes Sapientae (Vigo)  
75 Facd.de CC. da Educación e do Deporte (Pontevedra)  
75 Facultade de Ciencias da Educación (Ourense)

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

### **Curso 1**

---

#### — Cuadrimestre 1

Lingua española  
Deseño e desenvolvemento do currículo da educación infantil  
Psicoloxía do desenvolvemento de 0-6 anos  
Socioloxía da educación  
Novas tecnoloxías aplicadas á educación infantil

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Lingua galega  
Desenvolvemento motor  
Organización do centro escolar  
Teoría e institucións contemporáneas da educación  
Psicoloxía da educación: procesos de aprendizaxe infantil

---

---

### **Curso 2**

---

#### — Cuadrimestre 1

Educación para a saúde e a súa didáctica  
Escola inclusiva e atención á diversidade  
Titoría e orientación coa familia  
Fundamentos psicolóxicos da intervención temperá  
Prevenición e tratamento das dificultades na aprendizaxe infantil

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Pensamento e cultura  
Identificación, prevención e tratamento dos trastornos do desenvolvemento e da conduta  
Aprendizaxe das ciencias da natureza  
Didáctica da lingua e a literatura infantil  
Idioma estranxeiro (francés, inglés)

---

---

### **Curso 3**

---

#### — Cuadrimestre 1

Aprendizaxe da lingua estranxeira (francés, inglés)  
Didáctica da expresión plástica e visual  
Educación física e a súa didáctica na idade infantil  
Expresión musical e a súa didáctica  
Lingua e literatura (galego, español)

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Aprendizaxe das ciencias sociais  
Matemáticas para mestres: Educación infantil  
3 Optativas

---

---

### **Curso 4**

---

#### — Cuadrimestre 1

5 Optativas

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Traballo de fin de grao  
4 Optativas

---

---

### **Optativas**

---

#### — Vigo

Coñecemento do medio natural / Ética e deontoloxía profesional  
/ Obradoiro de creatividade artística / Xeografía para mestres /  
Prácticas externas: Practicum 48 (Anual) / Didáctica da relixión católica  
/ Didáctica das matemáticas para a educación infantil / Xogo na  
educación infantil /

#### — Ourense

Necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade intelectual  
/ Prevenición e tratamento das dificultades na aprendizaxe da lectura,  
escritura e cálculo / Prevenición e tratamento das dificultades na  
aprendizaxe da linguaxe oral / Aspectos didácticos e organizativos da  
educación especial / Bases pedagóxicas da educación especial /

---

---

#### — Pontevedra

A educación física como medio de interdisciplinidade /  
Coñecemento da contorna a través da actividade física na educación  
infantil / Seguridade e hábitos saudables a través da educación física / A  
linguaxe corporal / Actividade física e diversidade na educación  
infantil /

<b>Grao en Educación Primaria</b>	E. U. de Maxisterio María Sedes Sapientae (Centro adscrito) Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte Facultade de Ciencias da Educación	Campus de Vigo Campus de Pontevedra Campus de Ourense
-----------------------------------	--	---

## Descrición

Presenta como obxectivos fundamentais a formación psicopedagóxica, lingüística, sociolóxica, científica, tecnolóxica, artística e axiolóxica do futuro profesorado de educación primaria, titulación con longa tradición e interese tanto no noso entorno como no conxunto do país.

## Contidos formativos básicos

- Comprender os fins da educación escolar e desenvolver as competencias fundamentais para desempeñar a función docente, titorial e xestora nos centros de educación primaria.
- Contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado de educación primaria.

## Perfil de acceso

Este grao está orientado a estudantado interesado no ensino, especialmente nos niveis básicos (6 a 12 anos). Recoméndase que teña interese por actividades humanitarias, responsabilidade e compromisos éticos, críticos e auto-críticos. Precísase que teña capacidade de traballo en grupo, que sexa persuasivo, emprendedor e que teña facilidade para as relacións interpersoais. Asemade, deberá posuír un bo coñecemento do español e do galego, nocións básicas dun idioma estranxeiro e un bo nivel nos ámbitos científicos, matemáticos, informáticos, educación física e expresión artística.

## Saídas profesionais

- Mestre/a en Educación Primaria.

## Rama de coñecemento

Ciencias Sociais e Xurídicas

## Prazas

75 E. U. de Maxisterio María Sedes Sapientae (Vigo)  
75 Facd.de CC. da Educación e do Deporte (Pontevedra)  
75 Facultade de Ciencias da Educación (Ourense)

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos  
Fundamentos didácticos e organizativos do ensino  
Teoría e historia da educación  
Sociedade, cultura e pensamento  
Socioloxía da educación

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Prevención e tratamento das dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento  
Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe escolar  
Deseño e desenvolvemento do currículo da educación primaria  
Novas tecnoloxías aplicadas á educación primaria  
Historia do presente

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Ciencias experimentais  
Xeografía  
Matemáticas e a súa didáctica I  
Lingua española  
Aprendizaxe e desenvolvemento da motricidade na educación primaria

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Matemáticas e a súa didáctica II  
Lingua galega  
Didáctica das artes plásticas e visuais  
Expresión e linguaxe musical  
Didáctica das ciencias experimentais I

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Innovación e investigación didáctica  
Didáctica das ciencias experimentais II  
Didáctica das ciencias sociais  
Didáctica da lingua e literatura (galego, español)  
Lingua estranxeira (francés, inglés) e a súa didáctica

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Lingua e literatura (galego, español)  
Educación física e a súa didáctica na educación primaria  
3 Optativas

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Prácticas externas: Practicum (anual)  
1 Optativa

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Traballo de fin de grao

---

---

**Optativas**

---

**— Vigo**

Introdución ao feito relixioso e cristián / Recursos para o ensino das matemáticas / Literatura infantil e xuvenil /

**— Pontevedra**

Educación artística / Ética e deontoloxía profesional / Educación ambiental para o desenvolvemento / Música nas culturas / Expresión corporal e danza /

---

---

**— Ourense**

Idioma estranxeiro / Lingua estranxeira a través das novas tecnoloxías / Situacións de comunicación en lingua estranxeira / Agrupacións instrumentais para a escola primaria / Novas tecnoloxías para a educación musical en primaria / Técnica vocal e práctica coral 6  
Didáctica da lingua estranxeira / Lingua estranxeira a través da literatura infantil /

---

## Descrición

O obxectivo fundamental deste grao é a formación de profesionais capaces de xerar contextos educativos e accións mediadoras que permitan a incorporación das persoas obxectivo ás diversas redes sociais, así como a súa promoción cultural e social mediante accións socioeducativas tanto preventivas como de intervención. Dotará ao estudantado da formación e as ferramentas necesarias para desempeñar profesionalmente as actividades enumeradas.

## Contidos formativos básicos

- Transmitir, promover e desenvolver a cultura.
- Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais.
- Intervir como mediador social, cultural e educativo.
- Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos.
- Diseñar, implementar e avaliar os programas e proxectos socioeducativos.
- Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos.
- Desenvolver actividades cunha finalidade educativa, cultural e lúdica.

## Perfil de acceso

Considéranse de grande axuda para a aprendizaxe e o posterior exercicio profesional as seguintes características e capacidades persoais: experiencia en actividades de voluntariado social, experiencia en actividades laborais no ámbito social, interese polo traballo con grupos humanos, sensibilidade social, respecto polas persoas e interese polas problemáticas que afectan a distintos grupos sociais, así como formación previa no ámbito humanístico e social.

## Saídas profesionais

- Educador/a social.

## Rama de coñecemento

Ciencias Sociais e Xurídicas

## Prazas

75

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

### **Curso 1**

---

#### — Cuadrimestre 1

Filosofía social  
Teorías e institucións educativas  
Metodoloxía de investigación socioeducativa  
Psicoloxía do desenvolvemento  
Recursos tecnolóxicos en educación social

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Antropoloxía social e cultural  
Historia da educación social  
Educación permanente  
Pedagogía social  
Didáctica: Deseño e programación no ámbito socioeducativo

---

---

### **Curso 2**

---

#### — Cuadrimestre 1

Psicoloxía social  
Socioloxía da educación  
Diagnóstico e análise de necesidades socioeducativas  
Xénero e educación social  
Educación social no sistema educativo

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Educación para o lecer e o tempo libre  
Educación de persoas adultas  
Intervención socioeducativa para a inclusión social  
Estratexias de aprendizaxe en contextos socioeducativos  
Habilidades sociais en educación social

---

---

### **Curso 3**

---

#### — Cuadrimestre 1

Programas de animación sociocultural  
Avaliación de programas socioeducativas  
3 Optativas

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Iniciación na práctica profesional  
Prácticas externas: Prácticum I  
2 Optativas

---

---

### **Curso 4**

---

#### — Cuadrimestre 1

Intervención socioeducativa no ámbito familiar  
Intervención socioeducativa nas condutas aditivas  
3 Optativas

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Prácticas externas: Prácticum II  
Traballo de fin de grao

---

---

### **Optativas**

Socioloxía do consumo e identidades culturais / Mediación en conflitos e situacións de violencia / Investigación-acción na práctica socioeducativa / Intervención socioeducativa na infancia e adolescencia en situación de risco social / Intervención en saúde e educación social / Dinámica de grupos e intervención psicosocial comunitaria / Educación

ambiental para o desenvolvemento sustentable / Educación intercultural e para a paz / Xerontoloxía e educación social / Discapacidade e educación social / Educación social nos servizos sociais / Educación e animación sociolaboral / Programas de educación social na terceira idade / Sexualidade e saúde /

---

Grao en Enfermaría	E. U. de Enfermaría Povisa (Centro adscrito)	Campus de Vigo
	E. U. de Enfermaría Meixoeiro (Centro adscrito)	Campus de Vigo
	E. U. de Enfermaría (Centro adscrito)	Campus de Ourense
	E. U. de Enfermaría (Centro adscrito)	Campus de Pontevedra

## Descrición

O desenvolvemento da profesión de enfermaría contribúe a promover, protexer e mellorar a saúde, a seguridade e o benestar da poboación, previr as enfermidades e as súas consecuencias así como favorecer a sostibilidade do sistema sanitario. Con estes obxectivos nace o novo Grao en Enfermaría impartido nos tres campus da Universidade de Vigo.

## Contidos formativos básicos

- |  |  |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>— Coñecer e aplicar os fundamentos e principios técnicos e metodolóxicos da enfermaría.</li> <li>— Protexer a saúde e o benestar das persoas, familia ou grupos atendidos, garantindo a súa seguridade.</li> <li>— Coñecer os principios de financiamento sanitario e utilizar adecuadamente os recursos dispoñibles.</li> <li>— Coñecer os sistemas de información sanitaria.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>— Fomentar estilos de vida saudables, o autocoidado, apoiando o mantemento de condutas preventivas e terapéuticas.</li> </ul> |
|--|--|

## Perfil de acceso

Recoméndase que o alumnado que desexe cursar esta titulación posúa as seguintes características: actitude de axuda ás persoas, responsabilidade, equilibrio, madurez persoal, boa saúde, capacidade para o traballo en equipo, capacidade de análise, síntese e liderado, coñecementos de bioloxía, estatística, física e química, capacidade para ler e escribir en inglés e capacidade de busca en fontes bibliográficas.

## Saídas profesionais

- Enfermeiro: asistencia (nivel primario de saúde, atención especializada ou atención sociosanitaria).
- Docencia.
- Investigación.
- Xestión.

## Rama de coñecemento

Ciencias da Saúde

## Prazas

- 60 E. U. de Enfermaría Povisa (Vigo)
- 50 E. U. de Enfermaría Meixoeiro (Vigo)
- 50 E. U. de Enfermaría (Ourense)
- 50 E. U. de Enfermaría (Pontevedra)

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Anatomía humana  
Psicología  
Bioquímica  
Enfermería comunitaria I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Fisiología  
Estadística  
Fundamentos de enfermería  
Inglés técnico

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Introducción á enfermería clínica  
Ética e lexislación  
Farmacología e dietética  
Enfermería clínica I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Enfermería clínica II  
Enfermería comunitaria II  
Xestión de enfermería  
Prácticas clínicas I

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Enfermería clínica III  
Enfermería materno-infantil  
Prácticas clínicas II

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Enfermería xeriátrica e cuidados paliativos  
Enfermería en saúde mental  
Prácticas clínicas III

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Prácticas clínicas IV  
2 Optativas

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Prácticas clínicas V  
Traballo de fin de grao

---

---

**Optativas**

Metodoloxía da investigación / Cuidados de enfermería nas  
enfermidades infecciosas / Inglés para profesionais da saúde /  
Prevención de riscos laborais no ámbito sanitario /

---

## Descrición

O Grao en Enxeñaría Agraria forma profesionais con amplos coñecementos científicos e tecnolóxicos e capacitados para o desenvolvemento de actividades no sector agrario e alimentario. Os estudos recibidos facultan para proxectar, executar e dirixir instalacións e explotacións comprendidas nas ramas agrícola e da industria de transformación de produtos.

## Contidos formativos básicos

— Coñecer e comprender os conceptos básicos de carácter científico con aplicación directa á enxeñaría agraria.  
— Coñecer e comprender os conceptos específicos relacionados coa produción animal e vexetal, a xestión do medio no medio rural, a organización e xestión de

industrias agrarias e agroalimentarias, a enxeñaría e tecnoloxía dos alimentos, a enxeñaría das industrias agrarias e agroalimentarias, a tecnoloxía da produción hortofrutícola, a enxeñaría do medio e da paisaxe e o desenvolvemento sostible.

## Perfil de acceso

Considérase un perfil recomendado de ingreso dun nivel de bacharelato no referido a coñecementos, habilidades e capacidades de partida, así como o do alumnado procedente de ciclos superiores de formación profesional correspondentes, de forma preferente, ás ramas agrarias e alimentarias.

En concreto, as características persoais e académicas daquelas persoas que se consideran máis axeitadas para iniciar os estudos de Grao en Enxeñaría Agraria son as seguintes:

- Coñecementos básicos sobre física, química, matemáticas e bioloxía.
- Inquietude e curiosidade sobre o mundo da ciencia e a tecnoloxía en todos os seus ámbitos, e en especial no relacionado ao mundo agrario e o medio natural.
- Sensibilidade para recoñecer as limitacións dos demais e facilitar a súa aprendizaxe.
- Capacidades básicas para a expresión oral e escrita e para a comprensión lectora.
- Habilidades sociais básicas para o traballo en equipo.

## Saídas profesionais

- Tecnoloxía e procesado de produtos agroalimentarios.
- Deseño, cálculo e mantemento de equipos e instalacións.
- Tecnoloxía e xestión ambiental.
- Enxeñaría rural e enxeñaría de obras e proxectos de industrias agrarias e agroalimentarias.
- Control e automatización de procesos.
- Xestión de empresas e comercialización de produtos agrarios e agroalimentarios.
- Economía e política agraria e agroalimentaria.
- Xestión e control da calidade e seguridade alimentaria.
- Desenvolvemento e innovación agroalimentaria.
- Produción vexetal e animal.
- Biotecnoloxía e mellora xenética.
- Xardinería, planificación territorial e paisaxismo.
- Protección e conservación do medio natural.
- Xestión de recursos hídricos e outros recursos naturais.
- Desenvolvemento rural.

## Rama de coñecemento

Enxeñaría e Arquitectura

## Prazas

60

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Física  
Química  
Matemáticas  
Biología  
Xeoloxía

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Ampliación de física  
Ampliación de química  
Ampliación de matemáticas  
Expresión gráfica e cartografía  
Informática

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Topografía  
Bioclimatoloxía  
Edafoloxía  
Empresa: economía e empresa  
Hidroloxía

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Botánica  
Química agrícola  
Xeotecnia e morfoloxía do terreo  
Cálculo de estruturas  
Electrotecnia

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Termotecnia  
Mecanización rural  
Ciencia e tecnoloxía do medio  
Fitotecnia  
Zootecnia

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Construción e infraestruturas rurais  
Xestión de residuos  
3 optativas

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

5 optativas

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Proxectos 6  
Traballo de fin de grao 12  
3 optativas

---

---

**Optativas**

Análise instrumental / Instalacións industriais / Enxeñaría química  
Operacións básicas I / Operacións básicas II / Tecnoloxía de alimentos  
Ampliación de tecnoloxía de alimentos / Xestión da calidade /  
Hortofruticultura / Mellora vexetal / Xardinería / Ampliación de  
fitotecnia / Fitopatoloxía / Ordenación de territorio e paisaxe  
Degradación e recuperación de solos / Prevención de riscos laborais  
Prácticas externas

---

## Descrición

A implantación dos estudos sobre enerxía con carácter de grao no ámbito universitario español, é unha demanda que desde os sectores públicos e privados se foi incrementando nos últimos anos. A crecente demanda por parte das empresas de persoal especializado, debido ao crecemento exponencial experimentado polo mercado das enerxías renovables, e o mercado da eficiencia enerxética, leva á necesidade de formar profesionais especializados nestes novos estudos. É por iso polo que na actualidade existe no sector enerxético unha preocupación cada vez maior pola mellora da eficiencia

das instalacións enerxéticas co obxectivo de reducir o impacto ambiental deste sector, indisolublemente unido á utilización racional dos recursos enerxéticos e á investigación de novas fontes de enerxía. Esta preocupación ten grande incidencia nos campos mineiro industrial, transporte e edificación, que son centrais nestes estudos

## Contidos formativos básicos

— Adquirir os coñecementos básicos da enxeñaría da enerxía, co fin de desenvolver e aplicar ideas de maneira orixinal.  
— Proporcionar unha visión global da problemática enerxética actual para que o alumnado acade unha formación ampla acerca da relación entre enerxía e medio.  
— Aplicar as ferramentas de deseño e optimización que se empregan en plantas enerxéticas.  
— Adquirir habilidades no campo da experimentación: manexo de técnicas experimentais utilizadas no campo da enerxía.  
— Aplicar unha metodoloxía axeitada para abordar os problemas que formula a enxeñaría da enerxía no medio.  
— Formar o estudiantado para que sexa capaz de concibir, deseñar, levar a cabo e optimizar un proxecto en temas

relacionados coa enerxía.  
— Saber aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos e multidisciplinares relacionados coa enxeñaría térmica.

## Perfil de acceso

O perfil de ingreso recomendado é o daqueles estudantes que acceden á universidade a través do bacharelato Científico-Tecnolóxico ou de ciclos formativos de grao superior. En concreto, as características persoais, específicas e académicas que se consideran máis axeitadas para iniciar estes estudos son as seguintes:  
— Coñecementos das ciencias básicas: física, química e matemáticas.  
— Inquietude por temas enerxéticos desde calquera punto de vista (fontes de enerxía, mellora do aproveitamento desta, a enerxía como motor socioeconómico etc.), así como unha clara conciencia e interese polos temas ambientais e de sostibilidade.  
— Capacidade de análise, síntese e razoamento lóxico.  
— Capacidades básicas para a expresión oral e escrita e para a comprensión lectora.  
— Habilidades sociais básicas para o traballo en equipo.  
— Disposición para ser parte activa do proceso de ensino-aprendizaxe, con preocupación pola calidade e motivación polo logro dos obxectivos.

## Saídas profesionais

— Combustibles convencionais (gas, petróleo, carbón etc.)  
— Centrais térmicas e hidroeléctricas.  
— Centrais de xeración de enerxía eléctrica.  
— Sistemas térmicos e eléctricos na industria.  
— Aforro e eficiencia enerxética na industria.  
— Eficiencia enerxética na edificación.  
— Novas tecnoloxías enerxéticas (biocombustibles, pilas de combustible etc.)  
— Recursos enerxéticos (biomasa e residuos sólidos urbanos).  
— Enerxía solar térmica e fotovoltaica.  
— Enerxía eólica.  
— Enerxías renovables incipientes (mareomotriz, xeotermia).  
— Xeración, transmisión e conversión da enerxía térmica.  
— Redes de enerxía eléctrica  
— Xestión da enerxía eléctrica.  
— Calidade na subministración eléctrica.  
— Enerxía nuclear.  
— Xestor enerxético.  
— Auditoría enerxética.

## Rama de coñecemento

Enxeñaría e Arquitectura

## Prazas

50

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Física: Física I  
Matemáticas: Cálculo I  
Matemáticas: Álgebra lineal  
Química  
Expresión gráfica

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Física: Física II  
Matemáticas: Cálculo II  
Informática: Estadística  
Empresa: Dirección e xestión

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Electrotecnia  
Física: Sistemas térmicos  
Tecnoloxía de materiais  
Resistencia de materiais  
Mecánica de fluídos

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Xeomática  
Tecnoloxía ambiental  
Enxeñaría mecánica  
Mecánica de solos  
Termodinámica e transmisión de calor

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Recursos, instalacións e centrais hidráulicas  
Operacións básicas e procesos de refino, petroquímicos e carboquímicos  
Xeración e distribución de enerxía térmica convencional e renovable  
Tecnoloxía eléctrica

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Enxeñaría nuclear  
Tecnoloxía eléctrica II  
Instalacións de enerxías renovables  
Transmisión de calor aplicada  
Motores e turbomáquinas térmicas

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Utilización da enerxía eléctrica (O)  
Tecnoloxía frigorífica e climatización (O)  
Tecnoloxía de combustibles alternativos (O)  
Enerxías alternativas fluidodinámicas (O)  
Enxeñaría de sistemas e control (O)  
Xestión da enerxía térmica (O)  
Xestión da enerxía química eléctrica (O)  
Tecnoloxía electrónica (O)

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Proxectos  
Traballo de fin de grao  
Obras, trazas e procesos de construción (O)  
Explotación sostible de recursos enerxético-mineiros (O)  
Organización de empresas e sistemas de produción e fabricación (O)

---

## Descrición

O Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos ten por obxecto proporcionar a formación e as competencias necesarias para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de minas nas tecnoloxías específicas de explotación de minas e de mineralurxia e metalurxia.

## Contidos formativos básicos

- A capacitación científico-técnica para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de minas e coñecemento das funcións de asesoría, análise, deseño, cálculo, proxecto, construción, mantemento, conservación e explotación.
- A comprensión dos múltiples condicionamentos de carácter técnico e legal que se formulan no ámbito da enxeñaría de minas.
- A capacidade para deseñar, redactar e planificar proxectos parciais ou específicos, tales como instalacións mecánicas ou eléctricas e co seu mantemento, redes de transporte de enerxía, instalacións de transporte e almacenamento para materiais sólidos, líquidos ou gasosos, entulleiras, balsas ou presas, sostemento e cimentación, demolición, restauración, voaduras e

- loxística de explosivos.
- A capacidade para deseñar, planificar, operar, inspeccionar, asinar e dirixir proxectos, plantas ou instalacións no seu ámbito.
- A capacidade para a realización de estudos de ordenación do territorio e dos aspectos ambientais relacionados cos proxectos, plantas e instalacións, no seu ámbito.
- A capacidade para o mantemento, conservación e explotación dos proxectos, plantas e instalacións, no seu ámbito.
- O coñecemento para realizar, no ámbito da enxeñaría de minas, reformulacións, planos e mapas, cálculos, valoracións, análise de riscos, peritaxes, estudos e informes, plans de labores, estudos de impacto ambiental e social, plans de restauración, sistema de control de calidade, sistema de prevención, análise e valoración

## Perfil de acceso

O perfil de ingreso recomendado sería o daqueles estudantes que acceden á universidade a través do bacharelato Científico-Tecnolóxico ou pola vía de ciclos formativos de grao superior (CFGs) e cunha clara vocación para a enxeñaría de minas. En concreto, as características persoais, específicas e académicas que se consideran máis axeitadas para iniciar estes estudos son as seguintes:

- Coñecementos das ciencias básicas: física, química, matemáticas e xeoloxía.
- Interese polos temas relacionados cos recursos naturais e inquietude por coñecer os fenómenos asociados a estes, así como preocupación polos problemas ambientais.
- Capacidade de análise, síntese e razoamento lóxico.
- Capacidades básicas para a expresión oral e escrita e para a comprensión lectora.
- Habilidades sociais básicas para o traballo en equipo.
- Disposición para ser parte activa do proceso de ensino-aprendizaxe, con preocupación pola calidade e motivación polo logro dos obxectivos.

## Saídas profesionais

Contrariamente á opinión xeneralizada, a maioría dos enxeñeiros de minas non traballan en explotacións mineiras, sendo as posibilidades de emprego numerosas: xestión de recursos e do medio, enerxía e combustibles, xeoloxía, obras públicas e construción, dirección de empresas, siderurxia, metalurxia, explosivos, seguridade e prevención de riscos laborais, administración pública, docencia e investigación.

## Rama de coñecemento

Enxeñaría e Arquitectura

## Prazas

50

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Física: Física I  
Matemáticas: Cálculo I  
Matemáticas: Álgebra lineal  
Química  
Expresión gráfica

---

**— Cuadrimestre 2**

Física: Física II  
Matemáticas: Cálculo II  
Informática: Estadística  
Empresa: Dirección e xestión  
Xeoloxía

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Electrotecnia  
Física: Sistemas térmicos  
Tecnoloxía de materiais  
Resistencia de materiais  
Mecánica de fluídos

---

**— Cuadrimestre 2**

Xeomática  
Tecnoloxía ambiental  
Seguridade e saúde  
Mecánica de solos  
Termodinámica e transmisión de calor

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Explotación sostible de recursos mineiros I  
Concentración de minas (O)  
Prospección e avaliación de recursos (O)  
Mecánica de rochas (O)  
Cartografía temática e teledetección (O)  
Mineralurxia (O)  
Tratamento e conformado de materiais (O)  
Instalacións e procesos de obtención de materiais metálicos (O)  
Tecnoloxía dos materiais plásticos (O)  
Tecnoloxía eléctrica (O)  
Operacións básicas e procesos de refino, petroquímicos e carboquímicos(O)  
Xeración e distribución de enerxía térmica convencional e renovable(O)

---

**— Cuadrimestre 2**

Xestión de obras e trazas  
Rochas industriais e ornamentais(O)  
Tecnoloxía de explotación de minas (O)  
Sondaxes, petróleo e gas (O)  
Loxística e servizos mineiros (O)  
Plantas de fabricación de materiais de construción (O)  
Ensaíos e control de calidade de materiais (O)  
Tratamento de superficies e soldadura (O)  
Degradación e reciclaxe de materiais (O)  
Recursos, instalacións e centrais hidráulicas (O)  
Enxeñaría nuclear (O)  
Explosivos (O)  
Control de calidade de materiais (O)

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

SIG e ordenación do territorio  
Voaduras  
Explotación sostible de recursos mineiros II  
Obras subterráneas  
Construción e movemento de terras

---

**— Cuadrimestre 2**

Proxectos  
Traballo de fin de grao  
Xeofísica, xeoquímica e xeotermia (O)  
Tratamento de correntes e efluentes (O)  
Prácticas externas (O)

---

## Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación

Escola Técnica Superior  
de Enxeñaría de Minas

Campus de Vigo

### Descrición

A enxeñaría técnica de telecomunicación ocúpase das tecnoloxías básicas que sustentan a sociedade da información (SI): sistemas de telecomunicación, sistemas electrónicos, telemática, e imaxe e son.

### Contidos formativos básicos

— A formación científica, tecnolóxica e socio-económica, e a preparación para o exercicio profesional no desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións en todas as actividades que as demanden, dentro do marco normativo de referencia.

— A formación de profesionais de perfil eminentemente técnico, cun coñecemento global das áreas relacionadas coa enxeñaría de telecomunicación e a formación específica nun dos perfís propostos (telemática, sistemas electrónicos, sistemas de telecomunicación, imaxe e son) con capacidade para liderar o desenvolvemento de proxectos na área e adaptarse de xeito eficiente a un ámbito de rápida evolución.

— Facilitar o acceso a unha formación actualizada no campo das tecnoloxías da información e as comunicacións, cunha axeitada base científica, matemática e tecnolóxica que permita o desenvolvemento profesional dos/as graduados/as en

distintas funcións da enxeñaría (análise e deseño, fabricación, explotación e mantemento, xestión, organización empresarial etc.) nas áreas dos sistemas e servizos de telecomunicación, incluíndo os elementos electrónicos e informáticos relacionados.

— Proporcionar coñecementos e habilidades desde o punto de vista socioeconómico que transmitan pautas de análise da dimensión social da súa actividade, de modo que posibiliten unha toma de decisións coherente coas responsabilidades éticas e profesionais.

— Favorecer o desenvolvemento da personalidade do estudiantado promovendo o traballo en equipo, o espírito crítico e a súa participación en actividades extra académicas.

— Transmitir aos estudantes a necesidade de manterse informado da realidade diaria, tanto social como tecnolóxica, ademais de continuar aprendendo e actualizando a súa formación.

### Perfil de acceso

Desde o punto de vista académico, o estudiantado debería ter unha boa base matemática e física e coñecementos básicos de inglés, xa que gran parte da bibliografía está escrita nese idioma. O bacharelato de Ciencia e Tecnoloxía considérase a modalidade máis axeitada para acceder a este grao, xa que esta vía formativa supón unha orientación previa cara ás titulacións do ámbito da enxeñaría.

Ademais, terán acceso todos aqueles alumnos que superasen ciclos formativos de grao superior, preferentemente das familias de imaxe e son, electricidade e electrónica ou informática e comunicacións.

### Saídas profesionais

— Sector privado: empresas de telefonía, programación informática, bioelectrónica, empresas de control de tráfico, empresas de fibra óptica etc.

— Exercicio libre: oficina de proxectos, peritaxes etc.

— Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i): centros públicos ou privados de I+D+i, Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), xestión e coordinación de proxectos etc.

— Docencia.

— Administración pública local, provincial, autonómica, estatal e europea.

### Rama de coñecemento

Enxeñaría e Arquitectura

### Prazas

150

### Créditos ECTS anuais

60

### Créditos ECTS totais

240

---

### Curso 1

---

#### — Cuadrimestre 1

Empresa: Fundamentos de empresa  
Física: Fundamentos de mecánica e termodinámica  
Informática: Arquitectura de ordenadores  
Matemáticas: Álgebra lineal  
Matemáticas: Cálculo I

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Física: Análise de circuitos lineais  
Física: Campos e ondas  
Matemáticas: Cálculo II  
Matemáticas: Probabilidade e estatística  
Programación I

---

---

### Curso 2

---

#### — Cuadrimestre 1

Comunicación de datos  
Programación II  
Transmisión electromagnética  
Procesado dixital de sinais  
Física: Fundamentos de electrónica

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Tecnoloxía electrónica  
Electrónica dixital  
Redes de ordenadores  
Técnicas de transmisión e recepción de sinais  
Fundamentos de son e imaxe

---

---

### Curso 3

---

#### — Cuadrimestre 1

Servizos de internet  
Circuitos electrónicos programables  
Circuitos de radiofrecuencia (OE1)  
Sistemas de comunicacións por radio (OE1)  
Tratamento de sinais multimedia (OE1)  
Sistemas de adquisición de datos (OE2)  
Sistemas electrónicos de procesado de sinal (OE2)  
Enxeñaría de equipos electrónicos (OE2)  
Fundamentos de enxeñaría acústica (OE3)  
Sistemas de audio (OE3)  
Vídeo e televisión (OE3)  
Sistemas operativos (OE4)  
Arquitectura e tecnoloxía de redes (OE4)  
Seguridade (OE4)

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Circuitos de microondas (OE1)  
Xestión e certificación radioeléctricas (OE1)  
Principios de comunicacións dixitais (OE1)  
Infraestructuras ópticas de telecomunicación (OE1)  
Redes e sistemas sen fíos (OE1)  
Instrumentación electrónica e sensores (OE2)  
Diseño microelectrónico (OE2)  
Sistemas electrónicos para comunicacións dixitais (OE2)  
Electrónica analóxica (OE2)  
Electrónica de potencia (OE2)  
Tecnoloxía audiovisual (OE3)  
Fundamentos de procesado de imaxe (OE3)  
Sistemas de imaxe (OE3)  
Procesado de son (OE3)  
Acústica arquitectónica (OE3)  
Programación concorrente e distribuída (OE4)  
Teoría de redes e conmutación (OE4)  
Redes multimedia (OE4)  
Sistemas de información (OE4)  
Arquitecturas e servizos telemáticos (OE4)  
OE1: obrigatoria de especialidade :Sistemas de telecomunicación  
OE2: obrigatoria de especialidade : Sistemas electrónicos  
OE3: obrigatoria de especialidade : Son e imaxe  
OE4: obrigatoria de especialidade : Telemática

---

---

### Curso 4

---

#### — Cuadrimestre 1

Servizos multimedia (O)  
Redes sen fíos e móbiles (O)  
Programación de sistemas intelixentes (O)  
Diseño de sistemas integrados (O)  
Novos servizos telemáticos (O)  
Diseño de aplicacións con microcontroladores (O)  
Dispositivos optoelectrónicos (O)  
Diseño e síntese de sistemas dixitais (O)  
Sensores electrónicos avanzados (O)  
Comunicacións industriais (O)  
Teledetección (O)  
Sistemas de navegación comunicacións por satélite (O)  
Procesado dixital en tempo real (O)  
Comunicacións dixitais (O)  
Fundamentos de bioenxeñaría (O)  
Procesado e análise de imaxe (O)  
Tecnoloxía multimedia e computer graphics (O)  
Acústica avanzada (O)  
Técnicas de medida de ruído, lexislación (O)  
Producción audiovisual (O)  
Prácticas externas (O)

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Traballo de fin de grao  
Laboratorio de proxectos  
Xestión e dirección tecnolóxica

---

## Descrición

O Grao en Enxeñaría Eléctrica ten como obxectivo a xestión dos sistemas eléctricos de potencia, instalacións e accionamentos eléctricos, e do transporte e distribución da enerxía eléctrica, áreas que necesitan de titulados/as con formación específica neste sector. Estes profesionais deben cubrir tamén os campos emerxentes que cada vez teñen máis incidencia na sociedade actual, como son a tracción eléctrica e as enerxías renovables,

particularmente a xeración de enerxía eléctrica en sistemas eólicos e fotovoltaicos, áreas cunha grande e notable expansión no noso país nos últimos anos e cunha progresión futura cada vez maior.

## Contidos formativos básicos

Os obxectivos específicos da titulación do Grao en Enxeñaría Eléctrica son:

- Dar satisfacción á demanda do sector na xestión dos sistemas eléctricos de potencia, instalacións e accionamentos eléctricos, así como no transporte e distribución da enerxía eléctrica.
- Satisfacer as demandas que proveñen de sectores emerxentes, que cada vez teñen máis incidencia na sociedade actual, como son a tracción eléctrica e as enerxías renovables, en particular a xeración de enerxía eléctrica en sistemas eólicos e fotovoltaicos, áreas cunha

grande e notable expansión no noso país nos últimos anos e cunha progresión futura cada vez maior. Tamén as empresas doutros sectores precisan graduados/as en Enxeñaría Eléctrica, posto que todos os procesos de fabricación precisan para o seu funcionamento da enerxía eléctrica para a alimentación da súa maquinaria: empresas de fabricación de automóviles, altos fornos, trens, transportes, estaleiros, laminado, refinarías, industria electrónica e ordenadores etc.

## Perfil de acceso

Considérase un perfil de ingreso o referido a coñecementos, habilidades e capacidades de partida dun nivel de bacharelato. En concreto, as características persoais e académicas daquelas persoas que se consideran máis axeitadas para iniciar estes estudos son as seguintes:

- Coñecementos básicos sobre física, química, matemáticas.
- Inquietude e curiosidade sobre o mundo da ciencia e a tecnoloxía en todos os seus ámbitos e, en especial, no relacionado co ámbito da titulación.
- Sensibilidade para recoñecer as limitacións dos demais e facilitar a súa aprendizaxe.
- Capacidades básicas para a expresión oral e escrita e para a comprensión lectora.
- Habilidades sociais básicas para o traballo en equipo.
- Capacidade de abstracción, análise, síntese, razoamento lóxico.
- Capacidade de percepción e atención.
- Sentido da organización e método.
- Sentido práctico e visión espacial.

## Saídas profesionais

- Sector privado: empresas de electricidade, aeronáutica naval, industria automóbil etc.
- Exercicio libre: peritaxes etc.
- Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) en centros públicos e privados de I+D+i
- Docencia.
- Administración pública local, provincial, autonómica e estatal.
- Outros: ONU, UNESCO, Enxeñaría sen Fronteiras etc

## Rama de coñecemento

Enxeñaría e Arquitectura

## Prazas

75

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Expresión gráfica  
Física I  
Álgebra e estatística  
Cálculo I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Empresa: introdución á xestión empresarial  
Física II  
Informática para a enxeñaría  
Cálculo II e ecuacións diferenciais  
Química

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Ciencia e tecnoloxía de materiais  
Termodinámica e transmisión de calor  
Mecánica de fluídos  
Fundamentos de teoría de circuítos e máquinas eléctricas  
Teoría de máquinas e mecanismos

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Electrotecnia  
Máquinas térmicas e de fluídos en centrais e enerxías renovables  
Fundamentos de electrónica  
Fundamentos de automatización

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Electrónica de potencia e regulación automática  
Instalacións eléctricas I  
Máquinas eléctricas  
Resistencia de materiais

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Deseño e cálculo de máquinas eléctricas  
Instalacións eléctricas II  
Fundamentos de sistemas e tecnoloxías de fabricación  
Tecnoloxía medioambiental  
Fundamentos de organización de empresas

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Control de máquinas e accionamentos eléctricos  
Centrais eléctricas  
Liñas eléctricas e transporte de enerxía  
Oficina técnica  
Prácticas externas (O)

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Traballo de fin de grao  
Xeración eléctrica con enerxías renovables  
Sistemas eléctricos de potencia  
Optativa

---

## Descrición

O interese da titulación vén determinado polas características das dúas materias básicas que a constitúen e que son a automática e a electrónica industrial. Estas materias impulsaron un cambio importante na actividade económica en xeral, debido á maior presenza da automatización e intelixencia en procesos e produtos, cada vez máis complexos, soportándose na informática e as comunicacións.

Hoxe en día non se pode concibir unha liña de produción sen un elevado grao de automatización e,

cada vez máis, a operación dunha empresa se basea na xestión da información, informatizada e integrada a varios niveis. Igualmente, desde o punto de vista dos produtos e sistemas, a tendencia é a dunha maior funcionalidade e precisión, baseada na integración de compoñentes informáticos, sensores e a incrustación de microelectrónica. Este é o campo de actuación do Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática e implica unhas competencias profesionais que outras titulacións non poden cubrir.

## Contidos formativos básicos

A formación que se pretende transmitir ao estudiantado está orientada a responder ás necesidades do tecido socio-laboral no ámbito tecnolóxico da electrónica industrial e a automática. Os/As titulados/as poderán aplicar os seus coñecementos ao deseño, desenvolvemento e mantemento de circuítos electrónicos e sistemas automáticos en procesos e produtos industriais.

Ademais, poderán aplicar os seus coñecementos en ámbitos tan afastados da industria como poden ser a medicina, a agricultura, os procesos de distribución de mercadorías, en sistemas de xestión de tráfico, en produción e distribución de enerxía, tecnoloxía espacial, aviónica etc.

## Perfil de acceso

Considérase un perfil de ingreso o referido a coñecementos, habilidades e capacidades de partida dun nivel de bacharelato. En concreto, as características persoais e académicas daquelas persoas que se consideran máis axeitadas para iniciar estes estudos son as seguintes:

- Coñecementos básicos de física, química e matemáticas.
- Inquietude e curiosidade sobre o mundo da ciencia e a tecnoloxía en todos os seus ámbitos, e en especial no relacionado ao ámbito da titulación.
- Capacidades para a expresión oral e escrita e para a comprensión lectora.
- Habilidades sociais básicas para o traballo en equipo.
- Capacidade de abstracción, análise, síntese, razoamento lóxico.
- Capacidade de percepción e atención.
- Sentido da organización e o método.
- Sentido práctico e visión espacial.

## Saídas profesionais

- Sector privado: empresas eléctricas e instaladoras, industria do automóbil, consultoras e enxeñarías, empresas de informática, industria naval, aeronáuticas etc.
- Exercicio libre: peritaxes etc.
- Investigación e innovación (I+D+i) en centros públicos e privados de I+D+i
- Docencia.
- Administración pública local, provincial, autonómica e estatal.
- Outros: ONU, UNESCO, Enxeñaría sen Fronteiras etc

## Rama de coñecemento

Enxeñaría e Arquitectura

## Prazas

120

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Expresión gráfica  
Física I  
Álgebra e estatística  
Cálculo I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Empresa: Introducción á xestión empresarial  
Física II  
Informática para a enxeñaría  
Cálculo II e ecuacións diferenciais  
Química

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Ciencia e tecnoloxía de materiais  
Termodinámica e transmisión de calor  
Fundamentos de teoría de circuitos e máquinas eléctricas  
Teoría de máquinas e mecanismos  
Fundamentos de sistemas e tecnoloxías de fabricación

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Fundamentos de electrónica  
Fundamentos de automatización  
Mecánica de fluídos  
Resistencia de materiais  
Fundamentos de organización de empresas

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Complementos de formación  
Sistemas trifásicos e máquinas eléctricas  
Instrumentación electrónica I  
Informática industrial

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Electrónica dixital e microcontroladores  
Enxeñaría de control I  
Tecnoloxía medioambiental  
Oficina técnica

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Electrónica de potencia  
Robótica industrial  
Enxeñaría de control II  
Redes de comunicación industrial  
Sistemas de control en tempo real  
Instrumentación electrónica II  
Sistemas electrónicos de comunicacións  
Sistemas electrónicos dixitais

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Traballo de fin de grao  
Automatización industrial  
Laboratorio de sistemas dixitais programables  
Electrónica industrial  
Laboratorio de enxeñaría de control  
Prácticas externas

---

## Descrición

O obxectivo deste grao é a formación de enxeñeiros/as técnicos/as forestais que respondan ás necesidades do sector forestal e da sociedade en xeral. Trátase dunha titulación que ten un marcado carácter xeral no contexto da enxeñaría e que, por tanto, reúne unha oferta de coñecementos bastante ampla, desde os esquemas da produción e deseño de

infraestruturas necesarias ata a produción obtida. Aínda que é un título de carácter xeral, o Grao en Enxeñaría Forestal ofrece tres orientacións de especialidades: industria da madeira, explotacións forestais e xestión do medio ambiente.

## Contidos formativos básicos

Fundamentos científicos e tecnolóxicos:

- Estudar as bases ou fundamentos biolóxicos químicos, físicos, matemáticos e dos sistemas de representación necesarios para o desenvolvemento da actividade profesional.
- Adquirir capacidades para usar a metodoloxía básica de traballo referente ás disciplinas mencionadas.
- Adquirir coñecementos que permitan identificar os diferentes elementos bióticos e físicos do medio natural e das súas interrelacións.
- Adquirir coñecementos e ensinar a identificar os recursos renovables (fundamentalmente vexetación e fauna) susceptibles de xestión coa finalidade de protección, conservación e/ou aproveitamento.
- Estudar a estrutura e función ecolóxica dos sistemas naturais e forestais. Coñecer as técnicas de análise, tratamento e deseño paisaxístico.
- Coñecer e saber empregar os métodos de avaliación e corrección do impacto ambiental, así como as técnicas de auditoría e xestión ambiental. Materias tecnolóxicas aplicadas:
- Estudar e saber identificar os recursos naturais renovables susceptibles de protección, conservación e aproveitamento no ámbito forestal.
- Coñecer e interpretar as perturbacións que poidan alterar as condicións do medio natural.
- Estudar os procesos de degradación que afecten aos recursos forestais (contaminación, pragas e enfermidades, incendios, etc.) e as técnicas de protección do medio forestal e natural.
- Estudar as bases da mellora forestal e as posibilidades de aplicación práctica destas.
- Ensinar a metodoloxía de medición, inventariado e avaliación dos recursos naturais susceptibles de xestión, así como as técnicas de experimentación, análise e integración dos resultados obtidos.
- Ensinar as técnicas da silvicultura, do silvopastoralismo e da xestión dos

recursos forestais, parques e áreas recreativas.

- Estudar as técnicas de xestión, conservación e protección dos espazos naturais e da diversidade biolóxica nos seus aspectos cinexéticos, piscícola e dos ecosistemas terrestres e das augas continentais.
- Adquirir coñecementos de hidráulica, construción, electrificación, camiños forestais, maquinaria e mecanización necesarios tanto para a xestión dos recursos forestais como para conservación e xestión de sistemas naturais.
- Adquirir coñecementos para aplicar e desenvolver as diferentes técnicas de defensa e rehabilitación de sistemas naturais: riscos naturais, restauración hidrolóxico-forestal, recuperación de sistemas naturais e espazos degradados.
- Proporcionar coñecementos para caracterizar as propiedades das materias primas forestais maderables e non maderables, así como as tecnoloxías e industrias destas materias primas.
- Adquirir os coñecementos para aplicar as técnicas de ordenación e planificación do territorio.
- Adquirir os coñecementos para aplicar os criterios e indicadores da xestión forestal sostible no marco dos procedementos de certificación forestal. Materias organizativas, de xestión e competencias relevantes para a actividade laboral:
- Ensinar as técnicas de xestión e organización empresarial.
- Estudar as características, a importancia e a problemática dos diferentes sectores e as disposicións lexislativas que lles afectan.
- Adquirir os coñecementos dos fundamentos de marketing e comercialización de produtos forestais.
- Adquirir coñecementos para deseñar, dirixir, elaborar, implementar e interpretar un proxecto e plans de actuación integrais.
- Ensinar a redactar informes técnicos, memorias de recoñecemento, anteprojectos, proxectos e programas técnicos.
- Ensinar a desenvolver e transferir tecnoloxía. Entender, interpretar e adoptar os avances científicos no campo forestal.

## Perfil de acceso

Considérase un perfil recomendado de ingreso no referido a coñecementos, habilidades e capacidades de partida dun nivel de bacharelato ou ciclo formativo de formación profesional. En concreto, as características persoais e académicas desexables para iniciar estes estudos son as seguintes:

- Coñecementos básicos de informática.
- Boa base de matemática e aptitude numérica.
- Capacidade de abstracción, análise, síntese e razoamento lóxico.
- Curiosidade, imaxinación, creatividade e innovación.
- Capacidade de percepción e atención.
- Sentido da organización e método.
- Atención polo miúdo.
- Sentido práctico e visión espacial.
- Conciencia ambiental.
- Capacidades para a expresión oral e escrita e para a comprensión lectora.
- Habilidades sociais para o traballo en equipo.

## Saídas profesionais

- Sector privado: empresas eléctricas e instaladoras, industria do automóbil, consultoras e enxeñarías, empresas de informática, industria naval, aeronáuticas etc.
- Exercicio libre: peritaxes etc.
- Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) en centros públicos e privados de I+D+i
- Docencia.
- Administración pública local, provincial, autonómica e estatal.
- Outros: ONU, UNESCO, Enxeñaría sen Fronteiras etc

## Rama de coñecemento

Enxeñaría e Arquitectura

## Prazas

50

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Expresión gráfica e cartografía  
Física I  
Matemáticas e informática  
Fundamentos de economía da empresa

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Ampliación de matemáticas  
Física II  
Química  
Biología vexetal

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Hidráulica e hidroloxía forestais  
Edafoloxía  
Estatística  
Ecología forestal  
Zooloxía e entomoloxía forestal

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Electrotecnia e electrificación rural  
Botánica  
Topografía, teledetección e SIG  
Silvicultura

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Construcións forestais  
Impacto ambiental  
Maquinaria forestal  
Repoboacións  
Proxectos

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Aproveitamentos forestais  
Dasometría e ordenación de montes  
Lexislación e certificación forestal  
Aproveitamentos enerxéticos de biomasa forestal  
Incendios forestais

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Tecnoloxía da madeira  
Industrias de primeira transformación  
Organización industrial e procesos na industria da madeira  
Innovación e desenvolvemento de produtos na industria da madeira

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Planificación física e ordenación territorial (O)  
Xestión de caza e pesca (O)  
Patoloxía e pragas forestais (O)  
Silvopascicultura (O)  
Xestión de espazos protexidos e biodiversidade (O)  
Xestión ambiental na industria forestal (O)  
Control de calidade na industria forestal (O)  
Proxecto de fin de grao

---

## Descrición

Pretende a formación de profesionais especializados no sector das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e na sociedade da información (SI), elementos determinantes para o avance económico e a mellora da produtividade e a competitividade nas economías modernas, en eidos como a administración de sistemas e redes, enxeñaría do software, enxeñaría web, análise e programación, calidade de software ou consultarías tecnolóxicas, entre outros.

## Contidos formativos básicos

O título de graduado/a en Enxeñaría Informática ten como obxectivo fundamental a formación científica, tecnolóxica e socioeconómica e a preparación para o exercicio profesional no desenvolvemento e aplicación das TIC ao ámbito da informática.

A nivel máis específico o estudiantado poderá adquirir as seguintes capacidades e coñecementos:

- Concibir, redactar, organizar, planificar, desenvolver e asinar proxectos no ámbito da enxeñaría en informática que teñan por obxecto a concepción, desenvolvemento ou explotación de sistemas, servizos e aplicacións informáticas.
- Dirixir as actividades obxecto dos proxectos do ámbito da informática.
- Diseñar, desenvolver, avaliar e asegurar a accesibilidade, ergonomía, uso e seguridade nos sistemas, servizos e aplicacións informáticas, así como a información que xestionan.
- Definir, avaliar e seleccionar plataformas hardware e software para o desenvolvemento e execución de sistemas, servizos e aplicacións informáticas.
- Concibir, desenvolver e manter sistemas, servizos e aplicacións informáticas empregando os métodos da enxeñaría do software como instrumento para asegurar súa calidade.

-Concibir e desenvolver sistemas ou arquitecturas informáticas centralizadas ou distribuídas integrando hardware, software e redes.

-Coñecer, comprender e aplicar a lexislación necesaria durante o desenvolvemento da profesión e manexar especificacións, regulamentos e normas de obrigado cumprimento.

-Coñecer as materias básicas e tecnolóxicas que capaciten para a aprendizaxe e desenvolvemento de novos métodos e tecnoloxías.

-Resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, autonomía e creatividade.

-Realizar medicións, cálculos, valoracións, taxacións, peritaxes, estudos, informes, planificación de tarefas e outros traballos análogos da informática.

-Analizar e valorar o impacto social e medioambiental das solucións técnicas, comprendendo a responsabilidade ética e profesional da actividade.

-Aplicar elementos básicos de economía e xestión de recursos humanos, organización e planificación de proxectos, así como a lexislación, regulación e normalización no ámbito dos proxectos informáticos.

## Perfil de acceso

Considérase un perfil de ingreso no referido a coñecementos, habilidades e capacidades de partida dun nivel de bacharelato ou ciclo formativo de formación profesional. En concreto, as características persoais e académicas recomendables son: coñecementos básicos de informática, boa base matemática e aptitude numérica, capacidade de abstracción, análise, síntese e razoamento lóxico, sentido práctico e visión espacial

## Saídas profesionais

- Enxeñeiro/a de software.
- Enxeñeiro/a de servizos tecnolóxicos

## Rama de coñecemento

Enxeñaría e Arquitectura

## Prazas

100

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

### **Curso 1**

---

#### — Cuadrimestre 1

Matemáticas: Álgebra lineal  
Dereito: Fundamentos éticos e xurídicos das TIC  
Matemáticas: Fundamentos matemáticos para a informática  
Informática: Programación I  
Física: Sistemas dixitais

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Empresa: Administración da tecnoloxía e a empresa  
Matemáticas: Análise matemática  
Informática: Algoritmos e estruturas de datos I  
Programación II  
Informática: Arquitectura de computadoras I

---

---

### **Curso 2**

---

#### — Cuadrimestre 1

Matemáticas: Estatística  
Algoritmos e estruturas de datos II  
Sistemas operativos I  
Enxeñaría do software I  
Arquitectura de computadoras II

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Redes de computadoras I  
Sistemas operativos II  
Bases de datos I  
Enxeñaría do software II  
Arquitecturas paralelas

---

---

### **Curso 3**

---

#### — Cuadrimestre 1

Linguaxes de programación  
Redes de computadoras II  
Bases de datos II  
Interfaces de usuario  
Hardware de aplicación específica

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Dirección e xestión de proxectos  
Procesadores de linguaxe  
Concurrencia e distribución  
Sistemas intelixentes  
Centros de datos

---

---

### **Curso 4**

---

#### — Cuadrimestre 1

Aprendizaxe baseada en proxectos  
Seguridade en sistemas informáticos  
Prácticas externas: Prácticas en empresa I (O)  
Prácticas externas: Prácticas en empresa II (O)  
Desenvolvemento e calidade do software (O)  
Enxeñaría de software orientada a axentes (O)  
Métodos formais na enxeñaría do software (O)  
Sistemas de negocio (O)  
Técnicas de simulación (O)  
Validación e probas (O)  
Desenvolvemento de aplicacións para internet (O)  
Dispositivos móbiles (O)  
Informática gráfica (O)  
Informática industria (O)  
Técnicas avanzadas de manexo de información (O)  
Tecnoloxías e servizos web (O)

---

---

#### — Cuadrimestre 2

Prácticas externas: Prácticas en empresa I (O)  
Prácticas externas: Prácticas en empresa II (O)  
Técnicas de comunicación e liderado  
Traballo de fin de grao  
Desenvolvemento e integración de aplicación (O)  
Deseño de arquitecturas de grandes sistemas software (O)  
Procesos software (O)  
Reenxeñaría de software (O)  
Codificación e criptografía (O)  
Dirección estratéxica das TIC (O)  
Redes corporativas (O)  
Modelado e simulación de procesos (O)

---

## Descrición

Esta formación oríentase tradicionalmente cara á adquisición de pericia na resolución de problemas específicos desta rama e cara á capacitación para adaptarse aos cambios tecnolóxicos.

O Grao en Enxeñaría Mecánica está fundamentado en coñecementos primordiais de ciencia e enxeñaría como son a física, as matemáticas, a expresión gráfica, a estatística e a química. Adicionalmente, a formación específica en mecánica, mecánica de sólidos, mecánica de

estruturas, enxeñaría térmica e mecánica de fluídos senta as bases para materias máis tecnolóxicas. Deste xeito pódense incorporar bases multidisciplinares de enxeñaría que permiten unha visión global de todos os aspectos que interveñen nos sectores da súa competencia, o que se logra incluíndo neste grao módulos doutras ramas da enxeñaría.

## Contidos formativos básicos

A formación que proporciona o título de graduado/a en Enxeñaría Mecánica permite ao egresado adquirir en distintos niveis de afondamento os seguintes obxectivos:

- Intensificación A: Maquinaria

Adquirir as competencias necesarias para desenvolver a súa profesión no campo do deseño e a fabricación de maquinaria e sistemas mecánicos, incluíndo os materiais empregados na súa fabricación, accionamento e sistemas de enerxía.

- Intensificación B: Construción e instalacións

Adquirir as competencias necesarias para dirixir o ámbito profesional ao campo da construción, estruturas e instalacións, especializándose no coñecemento das estruturas metálicas e de formigón, cimentacións, topografía, instalacións térmicas, instalacións de fluídos, instalacións eléctricas e tecnoloxías da construción en xeral.

- Intensificación C: Deseño e fabricación

Adquirir competencias específicas no ámbito do deseño e a fabricación

industrial, aplicando as técnicas actuais de automatización dos procesos produtivos, técnicas e sistemas de desenvolvemento e comunicación de produtos, materiais, tecnoloxías de fabricación e sistemas CAD-CAM-CAE.

- Intensificación D: Transporte

Especializarse no campo profesional que se configura arredor do sector do transporte en xeral, incluíndo os diferentes medios e vehículos de transporte, desde o automóbil ao ferrocarril, diferentes sistemas de propulsión, materiais empregados e tecnoloxías aplicadas ao campo do transporte.

- Intensificación E: Tecnoloxía naval (CUD)

Obter os perfís escollidos en virtude dos labores máis esixentes que desenvolve un oficial da Armada no seu primeiro emprego. Estes labores son os relacionados principalmente coa función operativa e máis concretamente co emprego operativo dun buque da Armada

## Perfil de acceso

O perfil de ingreso recomendado no referido a habilidades, capacidades e coñecementos previos será o do alumnado que superase o bacharelato na rama tecnolóxica. Máis concretamente, considérase que son desexables as seguintes calidades:

-Coñecementos básicos de matemáticas, física, química, expresión gráfica e informática.

-Capacidade plena para a lectura, reflexión e comunicación oral e escrita.

-Coñecementos dunha lingua estranxeira (preferentemente inglés).

-Inquietude, curiosidade e iniciativa propia

-Capacidade de traballo en grupo

## Saídas profesionais

Os titulados poderán inserirse en sectores de grande importancia na enxeñaría mecánica, como son a construción, maquinaria, metalurxia ou a automoción. Algúns dos perfís profesionais nos que poderán exercer as súas competencias son:

-Construción, montaxe e mantemento de calquera instalación industrial de ámbito mecánico e térmico.

-Deseño e ensaio de novos produtos ou elementos de máquinas con programas CAD.

-Estudo con elementos finitos e con programas CAE, simulacións e fabricación de pezas especiais e prototipos.

-Programación de robots e obtención de programas de control numérico con sistemas CAM.

-Director/a, xefe/a de proxecto ou enxeñeiro/a en distintos departamentos, ocupándose da oficina técnica, produción, planificación, ensaios, investigación e desenvolvemento, procesos de datos ou mantemento.

-Técnico/a en empresas consultoras ou construtoras, en empresas relacionadas coa creación, investigación e comercialización da informática aplicada ao deseño industrial, en consultarías técnicas ou nos corpos técnicos das administracións públicas de ámbito local, autonómico, nacional ou comunitario.

## Rama de coñecemento

Enxeñaría e Arquitectura

## Prazas

180

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Expresión gráfica  
Física I  
Álgebra e estatística  
Cálculo I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Empresa: Introducción á xestión empresarial  
Física II  
Informática para a enxeñaría  
Cálculo II e ecuacións diferenciais  
Química

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Ciencia e tecnoloxía de materiais  
Termodinámica e transmisión de calor  
Fundamentos de electrotecnia  
Teoría de máquinas e mecanismos  
Fundamentos de sistemas e tecnoloxías de fabricación

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Mecánica de fluídos  
Tecnoloxía medioambiental  
Resistencia de materiais  
Fundamentos de automatismos e métodos de control  
Tecnoloxía electrónica

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Enxeñaría térmica I  
Elasticidade e ampliación de resistencia de materiais  
Máquinas de fluídos  
Enxeñaría de materiais

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Fundamentos de organización de empresas  
Enxeñaría gráfica  
Teoría de estruturas e construcións industriais  
Tecnoloxías de fabricación  
Deseño de máquinas

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

O.T. e proxectos  
Deseño de máquinas II (O)  
Motores e máquinas térmicos (O)  
Estruturas de formigón (O)  
Estruturas metálicas (O)  
Sistema de análise e validación de datos (O)  
Enxeñaría do transporte (O)  
Automóviles e ferrocarrís (O)

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Traballo de fin de grao  
Prácticas en empresa (O)  
Deseño mecánico asistido (O)  
Deseño de máquinas hidráulicas e sistemas oleoneumáticos (O)  
Ampliación de estruturas e cimentacións (O)  
Sistema para o deseño e desenvolvemento do produto (O)  
Tecnoloxías avanzadas de fabricación (O)  
Vehículos automóbiles híbridos e eléctricos (O)  
Sistemas motopropulsores (O)

---

## Descrición

O Grao en Enxeñaría en Química Industrial proporciona unha formación axeitada nas bases teóricas e nas tecnoloxías propias deste ámbito. Os/As graduados en Enxeñaría en Química Industrial encárganse do deseño, control, optimización, organización e xestión de equipos, operacións de planta e produtos na área da industria química e de proceso, co menor custo de

producción e baixo un ámbito sostible ambientalmente, desde o punto de vista da enerxía, os materiais, os produtos e os residuos.

## Contidos formativos básicos

-Deseñar, implantar, modificar, controlar, optimizar, organizar e xestionar equipos, operacións de planta, plantas e produtos na área da industria química e de proceso coa calidade requirida e menor custo de produción, nun ámbito sostible ambientalmente desde o punto de vista da enerxía, materiais, produtos e residuos.

-Proporcionar un primeiro ciclo que sexa recoñecido polo resto das institucións europeas como un estándar que permita acceder automaticamente aos mestrados de enxeñaría.

-Formar profesionais capaces de dar resposta ás necesidades reais da sociedade no ámbito das industrias de proceso, no sentido máis amplo, entre as que se inclúen a industria química e petroquímica, farmacéutica, alimentaria, téxtil, ambiental e outras afíns, ademais de poder estar presente nas administracións públicas nas áreas de intervención relacionadas coa industria, medio, educación e ciencia e tecnoloxía; todo iso en harmonía coas organizacións profesionais e empresariais e de acordo coas atribucións profesionais recoñecidas pola lexislación vixente.

## Perfil de acceso

O perfil de ingreso recomendado no referido a habilidades, capacidades e coñecementos previos será o do alumno que superase o bacharelato na rama tecnolóxica. Máis en concreto, considérase que son desexables as seguintes calidades:

- Coñecementos básicos sobre matemáticas, física, química, expresión gráfica e informática.
- Capacidade plena para a lectura, reflexión e comunicación oral e escrita.
- Coñecementos dunha lingua estranxeira (preferentemente inglés).
- Inquietude, curiosidade e iniciativa propia.
- Capacidade de traballo en grupo.

## Saídas profesionais

-Sector privado: empresas de alimentación e bebidas, farmacéuticas, industrias biotecnolóxicas, derivadas da madeira, e en xeral químicas e de proceso, industrias de xestión, tratamento de residuos e ambientais etc., así como en operacións de proceso de industrias do automóbil e derivadas.

- Exercicio libre: peritaxes, proxectos de enxeñaría etc.
- Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) en centros públicos e privados de I+D+i
- Docencia.
- Administración pública local, provincial, autonómica, estatal e europea.
- Outros: ONU, UNESCO, Enxeñaría sen Fronteiras, etc.

## Rama de coñecemento

Enxeñaría e Arquitectura

## Prazas

80

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Expresión gráfica  
Física I  
Álgebra e estatística  
Cálculo I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Empresa: Introducción á xestión empresarial  
Física II  
Informática para a enxeñaría  
Cálculo II e ecuacións diferenciais  
Química

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Fundamentos de electrotecnia  
Fundamentos de sistemas e tecnoloxías de fabricación  
Teoría de máquinas e mecanismos  
Termodinámica e transmisión de calor  
Ciencia e tecnoloxía dos materiais

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Resistencia de materiais  
Enxeñaría química I  
Mecánica de fluídos  
Tecnoloxía electrónica  
Fundamentos de automática/automatización

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Fundamentos de organización de empresas  
Tecnoloxía medioambiental  
Enxeñaría química II  
Química industrial  
Experimentación en química industrial I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Reactores e biotecnoloxía  
Experimentación en química industrial II  
Control e instrumentación de procesos químicos  
Oficina técnica

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Simulación e optimización de procesos químicos  
Optimización de produtos  
Calor e frío na industria de proceso (O)  
Deseño de plantas químicas e de proceso (O)  
Química orgánica industrial (O)  
Procesos e produtos biotecnolóxicos (O)  
Prácticas externas (O)

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Xestión e posta en servizo de plantas químicas e de proceso (O)  
Integración da planta na xestión do negocio (O)  
Técnicas e xestión medioambientais (O)  
Modelado de procesos biotecnolóxicos (O)  
Bioelectroquímica (O)  
Traballo de fin de grao

---

## Descrición

Este grao, que responde ás necesidades dunha sociedade bilingüe, conxuga as filoloxías galega e española formando o estudantado na lingüística, lingua e literatura de ambos os dous idiomas. No seu desenvolvemento permite o estudo comparado e contrastado do español e do galego e prepara os/as estudantes para afrontar os problemas e retos acordes a unha sociedade destas características.

## Contidos formativos básicos

— Adquirir o coñecemento da estrutura lingüística do galego e do español.  
— Adquirir a capacidade de identificar, comprender e analizar os problemas da comunicación lingüística e literaria a través da práctica.  
— Mellorar o sentido da norma lingüística referido a ambas linguas, que permite corrixir a expresión oral e escrita propia e allea.

— Adquirir coñecementos da estrutura da industria cultural, así como da situación e configuración dos seus centros decisorios.

## Perfil de acceso

As características persoais e académicas das persoas que se consideran máis adecuadas para iniciar estes estudos son as seguintes: inquietude, curiosidade e sensibilidade polas manifestacións das linguas, as literaturas e a cultura do país; coñecementos básicos de literatura nas súas diferentes manifestacións e contextos; capacidade para a aceptación da diversidade cultural e capacidades sensoriais e perceptivas ligadas ao campo de coñecemento.

## Saídas profesionais

— Especialista en castelán, galego e portugués.  
— Docente.  
— Mundo editorial.  
— Lingüista.

## Rama de coñecemento

Artes e Humanidades

## Prazas

50

## Créditos ECTS anuais

60

## Créditos ECTS totais

240

---

## Curso 1

---

### — Cuadrimestre 1

Comunicación oral e escrita: Español I  
Filosofía da ciencia e da linguaxe  
Lingua portuguesa I  
Panorama da literatura galega I  
Introdución ao estudo da linguaxe e a comunicación

---

---

### — Cuadrimestre 2

Comunicación oral e escrita: Galego I  
Lingua portuguesa II  
Lingua latina  
Panorama da literatura en lingua española I  
Teoría da literatura

---

---

## Curso 2

---

### — Cuadrimestre 1

Introdución á sintaxe  
Informática para a lingüística e a literatura  
Panorama da literatura galega II  
Retórica  
Comunicación oral e escrita: español II

---

---

### — Cuadrimestre 2

Análise do discurso  
Semántica, pragmática e léxico  
Literatura comparada 6  
Panorama da literatura en lingua española II  
Comunicación oral e escrita: galego II

---

---

## Curso 3

---

### — Cuadrimestre 1. *Itinerario lingua galega e española*

Comunicación nas empresas e nas institucións en galego e español  
Gramática española I  
Gramática española II  
Fonética e fonoloxía do español

---

---

### — Cuadrimestre 1. *Itinerario lingua e literatura galega*

Literatura medieval galego-portuguesa  
Panorama das literaturas lusófonas  
Seminario de literatura galega ata 1900  
Seminario de literatura galega desde 1900 ata 1936

---

---

### — Cuadrimestre 1. *Itinerario lingua e literatura española*

Comunicación nas empresas e nas institucións en galego e español  
Gramática española I  
Gramática española II  
Fonética e fonoloxía do español

---

---

### — Cuadrimestre 1. *Itinerario literatura galega e española*

Literatura medieval galego-portuguesa  
Panorama das literaturas lusófonas  
Seminario de literatura galega ata 1900  
Seminario de literatura galega desde 1900 ata 1936

---

---

### — Cuadrimestre 2. *Itinerario lingua galega e española*

Sociolingüística e planificación lingüística do galego e do español  
Gramática galega I  
Gramática galega II  
Fonética e fonoloxía do galego

---

---

### — Cuadrimestre 2. *Itinerario lingua e literatura galega*

Sociolingüística e planificación lingüística do galego e do español  
Gramática galega I  
Gramática galega II  
Fonética e fonoloxía do galego

---

---

### — Cuadrimestre 2. *Itinerario lingua e literatura española*

O teatro da literatura española dos séculos XVI e XVII  
Poesía e prosa da literatura española dos séculos XVI e XVII  
Literatura medieval española  
Literatura hispanoamericana: narrativa e ensaio

---

---

### — Cuadrimestre 2. *Itinerario literatura galega e española*

O teatro da literatura española dos séculos XVI e XVII  
Poesía e prosa da literatura española dos séculos XVI e XVII  
Literatura medieval española  
Literatura hispanoamericana: narrativa e ensaio

---

---

## Curso 4

---

### — Cuadrimestre 1. *Itinerario lingua galega e española*

Gramática española III  
Historia da lingua española  
O español de América e o español no mundo

---

---

### — Cuadrimestre 1. *Itinerario lingua e literatura galega*

Seminario de literaturas e culturas lusófonas  
Seminario de literatura galega desde 1936 ata 1975  
Seminario de literatura galega desde 1975 ata a actualidade

---

---

### — Cuadrimestre 1. *Itinerario lingua e literatura española*

Gramática española III  
Historia da lingua española  
O español de América e o español no mundo

---

---

### — Cuadrimestre 1. *Itinerario literatura galega e española*

Seminario de literaturas e culturas lusófonas  
Seminario de literatura galega desde 1936 ata 1975  
Seminario de literatura galega desde 1975 ata a actualidade

---

---

### — Cuadrimestre 2. *Itinerario lingua galega e española*

Gramática galega III  
Historia da lingua galega  
Terminoloxía e neoloxía do galego  
Traballo de fin de grao

---

---

### — Cuadrimestre 2. *Itinerario lingua e literatura galega*

Gramática galega III  
Historia da lingua galega  
Terminoloxía e neoloxía do galego  
Traballo de fin de grao

---

---

### — Cuadrimestre 2. *Itinerario lingua e literatura española*

Literatura española dos séculos XVIII e XIX  
Literatura española dos séculos XX e XXI 6  
Literatura hispanoamericana: Poesía e teatro  
Traballo de fin de grao

---

---

### — Cuadrimestre 2. *Itinerario literatura galega e española*

Literatura española dos séculos XVIII e XIX  
Literatura española dos séculos XX e XXI  
Literatura hispanoamericana: Poesía e teatro  
Traballo de fin de grao

---

---

## Optativas

Comunicación científico-técnica en galego e español / O español e o galego como segundas linguas / Comunicación nos medios (en español e galego) / Prácticas de gramática contrastiva / O español coloquial e as súas variedades / Lingua de signos española / Edición de textos / Dialectoloxía do galego / Lingüística, comunicación e cognición / Lexicografía do español e do galego / Literatura e cine / Linguas da

península ibérica / Historia do libro / As escritoras da historia literaria / Tradución literaria / Literatura latina / Obradoiro de produción de textos literarios / Estética e teoría da arte / Edición de textos literarios / Seminario de literatura hispánica / Textos canónicos da literatura galega / Crítica literaria /

---

## Grao en Enxeñaría en Organización Industrial

Escola de Enxeñaría Industrial

Campus de Vigo

### Descrición

A formación do Grao en Enxeñaría en Organización Industrial na Universidade de Vigo ten como obxecto dotar aos/ás titulados/as dos coñecementos, técnicas, habilidades e actitudes propias da profesión, e capacitalos para organizar sistemas produtivos, melloralos e xestionar os recursos que se ven implicados dentro das actividades industriais e de servizos de xeito racional e sostible. Unha das principais características desta

titulación, debido á combinación dos contidos tecnolóxicos e de organización e xestión que nel se desenvolven, é a versatilidade para afrontar con éxito situacións moi diversas coas que se pode atopar o/a graduado/a ao longo da súa carreira profesional.

### Contidos formativos básicos

O Grao en Enxeñaría en Organización Industrial capacita o/a titulado/a para aquelas actividades relacionadas coa xestión de empresas de produción e servizos, así como institucións de distinta índole (tanto públicas coma privadas; administración pública, universidades, ONG, empresas consultoras etc.), en todas as súas áreas: calidade, compras, comercial, loxística, produción, procesos, produtos, custos, finanzas, mantemento, medio ambiente e sostibilidade, xestión da innovación, xestión de proxectos, recursos humanos etc.

Os/As graduados en Enxeñaría en Organización Industrial son os profesionais idóneos para as empresas do sector industrial e de servizos que requiren directivos cunha ampla formación técnica. A súa formación dual, como técnicos e como xestores, permítenlle ter unha visión global da empresa e o seu ámbito, imprescindible para mellorar os resultados en calquera sector.

Ademais, as dúas intensificacións ofertadas dentro do grao posibilitan ao alumnado orientar as súas capacidades potenciando, dentro da súa formación dual, a parte máis ligada coa produción ou ben a parte máis ligada coa xestión.

Intensificación de produción e loxística (24 créditos):

-Planificar, programar e controlar as actividades relativas á xestión da produción nos ámbitos produtivos.

-Xestionar as actividades relativas ao fluxo de materiais e de información que definen o fluxo loxístico das empresas.

-Aplicar criterios para alcanzar solucións que empreguen os recursos do xeito máis racional e melloren os procesos desenvolvidos dentro das empresas.

Intensificación de xestión empresarial (24 créditos):

-Xestionar os recursos inherentes á actividade empresarial desenvolvida polas empresas.

-Aplicar as mellores técnicas dispoñibles no ámbito da organización e a xestión de empresas

### Perfil de acceso

O perfil de ingreso recomendado no referido a habilidades, capacidades e coñecementos previos será o do alumnado que superase o bacharelato na rama tecnolóxica. Ademais, son desexables as seguintes calidades:

- Coñecementos básicos de matemáticas, física, química, expresión gráfica e informática.
- Capacidade plena para a lectura, reflexión e comunicación oral e escrita.
- Capacidade de análise de problemas para a súa resolución.
- Coñecementos dunha lingua estranxeira (preferentemente inglés).
- Inquietude, curiosidade e iniciativa propia.
- Capacidade de traballo en grupo.

### Saídas profesionais

- Dirección de produción, mantemento, aprovisionamento, loxística, calidade, marketing, comercial, deseño de produto, recursos humanos, medio ambiente etc.
- Empresas industriais de todos os sectores de actividade: enerxía, automoción, transporte, metalurxia, química, papelreira, alimenticia, equipamentos etc.
- Empresas de servizos e consultoría estratéxica.
- Administración pública.
- Administración e dirección de empresas.
- Docencia e investigación.

### Rama de coñecemento

Enxeñaría e Arquitectura

### Prazas

80

### Créditos ECTS anuais

60

### Créditos ECTS totais

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Expresión gráfica  
Física I  
Álgebra e estatística  
Cálculo I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Empresa: introdución á xestión empresarial  
Física II  
Informática para a enxeñaría  
Cálculo II e ecuacións diferenciais  
Química

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Fundamentos de electrotecnia  
Termodinámica e transmisión de calor  
Teoría de máquinas e mecanismos 6  
Fundamentos de sistemas e tecnoloxías de fabricación  
Mecánica de fluídos

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Ciencia e tecnoloxía de materiais  
Fundamentos de automática  
Tecnoloxía electrónica  
Resistencia de materiais  
Fundamentos de organización de empresas

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Tecnoloxía medioambiental  
Xestión de produtos e servizo ao cliente  
Sistemas e tecnoloxías de fabricación  
Control de automatización industrial  
Métodos cuantitativos de enxeñaría de organización

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Organización da produción  
Xestión da calidade, a seguridade e a sostibilidade  
Organización do traballo e factor humano  
Instrumentación electrónica (O)  
Tecnoloxía térmica (O)  
Enxeñaría de materiais (O)  
Tecnoloxía eléctrica (O)

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Administración de empresas z  
Sistemas de información na enxeñaría de organización  
Oficina técnica  
Métodos cuantitativos e ferramentas de xestión (O)  
Xestión de almacéns e do transporte (O)  
Xestión e mantemento de activos empresariais (O)  
Ferramentas de organización e xestión empresarial (O)

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Traballo de fin de grao 12  
Prácticas externas (O)  
Sistemas de información e sistemas integrados de xestión (O)  
Instrumentos de control e xestión de empresas (O)  
Xestión da innovación e a tecnoloxía (O)  
Administración de empresas e estruturas organizativas (O)

---

## **Descrición**

O Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais ten fundamentalmente dúas finalidades. Por unha banda, a creación de técnicos polivalentes e xeralistas cunha formación en física e matemáticas e que, malia non contar con atribucións profesionais, serían totalmente válidos no mundo industrial en, por exemplo, departamentos de I+D empresarial, postos de responsabilidade en Pemes, formando parte de equipos de traballo multidisciplinares ou dedicados á docencia en centros de educación secundaria ou módulos de formación profesional.

Proporcionar aos estudantes unha sólida base de habilidades e coñecementos científico-tecnolóxicos que faciliten o acceso e a superación de estudos de Máster. Estes másteres poden ser o Máster en Enxeñaría Industrial, másteres de especialización en áreas de coñecemento tradicionais (Enxeñaría Mecánica, Eléctrica, etc.) ou emergentes, (MBA, Bioenxeñaría, Nanotecnoloxías, Novos Materiais...), ou másteres orientados á Investigación e posterior desenvolvemento do Doutoramento.

## **Contidos formativos básicos**

O Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais ten por obxectivo formar enxeñeiros cunha orientación xeralista, multidisciplinar e integradora en técnicas e tecnoloxías industriais.

Proporciona ao/á graduado/a unha base sólida de coñecemento científico-técnico nas áreas relacionadas coa enxeñaría industrial que lle permita abordar a gran diversidade de problemas actuais ou futuros que xorden na industria moderna. A orientación da formación ofrece unha visión global dos distintos aspectos, procedementos e problemáticas que aparecen no deseño e mantemento de procesos produtivos e no deseño e fabricación

de produtos. Por tanto, este grao capacita o/a titulado/a para actuar dentro do ámbito do deseño de concepto de produtos e procesos industriais.

O/A graduado terá capacidade para dirixir e desenvolver proxectos de instalación, montaxe ou explotación de equipos mecánicos, instalacións eléctricas, electrónicas e enerxéticas, analizar e mellorar produtos e procesos industriais, xestionar sistemas de calidade e de xestión ambiental, dirixir departamentos de desenvolvemento de produto, enxeñaría técnica, innovación ou estratexia, desenvolver proxectos de investigación ou innovación no ámbito industrial.

## **Perfil de acceso**

O perfil de ingreso recomendado no referido a habilidades, capacidades e coñecementos previos será o do alumnado que supere o bacharelato na rama tecnolóxica. Ademais, considéranse desexables as seguintes calidades:

- Coñecementos básicos de matemáticas, física, química, expresión gráfica e informática.
- Capacidade plena para a lectura, reflexión e comunicación oral e escrita.
- Coñecementos dunha lingua estranxeira (preferentemente inglés).
- Inquietude, curiosidade e iniciativa propia.
- Capacidade de traballo en grupo.

## **Saídas profesionais**

- Empresas de todas as áreas industriais: automóbil, ferrocarril, eléctricas, aeronáuticas, máquina-ferramenta, metalurxia, petroquímica etc.
- Enxeñarías de proxectos.
- Departamentos técnicos de empresas industriais e de servizos.
- Empresas de comercialización e instalación de produtos industriais.
- Industria de desenvolvemento tecnolóxico.
- Áreas de administración e xestión de empresas industriais.
- Consultaría.
- Docencia e investigación.

## **Rama de coñecemento**

Enxeñaría e Arquitectura

## **Prazas**

200

## **Créditos ECTS anuais**

60

## **Créditos ECTS totais**

240

---

**Curso 1**

---

**— Cuadrimestre 1**

Expresión Gráfica  
Física I  
Álgebra e Estatística  
Cálculo I

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Empresa: Introducción á Xestión Empresarial  
Física II  
Informática para a Enxeñaría  
Cálculo II e Ecuacións Diferenciais  
Química

---

---

**Curso 2**

---

**— Cuadrimestre 1**

Teoría de Máquinas e Mecanismos  
Fundamentos de Teoría de Circuitos e Máquinas Eléctricas  
Ciencia e Tecnoloxía de Materiais  
Fundamentos de Organización de Empresas  
Fundamentos de Automática

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Termodinámica e Transmisión de Calor  
Fundamentos de Sistemas E Tecnoloxías de Fabricación  
Fundamentos de Electrónica  
Mecánica de Fluidos  
Resistencia de Materiais

---

---

**Curso 3**

---

**— Cuadrimestre 1**

Electrotecnia Aplicada  
Turbomáquinas Hidráulicas 6  
IEnxeñaría de Materiais 6  
Matemáticas da Mención 6  
Física III 6

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Organización da produción  
Xestión da calidade, a seguridade e a sostibilidade  
Organización do traballo e factor humano  
Instrumentación electrónica (O)  
Tecnoloxía térmica (O)  
Enxeñaría de materiais (O)  
Tecnoloxía eléctrica (O)

---

---

**Curso 4**

---

**— Cuadrimestre 1**

Administración de empresas z  
Sistemas de información na enxeñaría de organización  
Oficina técnica  
Métodos cuantitativos e ferramentas de xestión (O)  
Xestión de almacéns e do transporte (O)  
Xestión e mantemento de activos empresariais (O)  
Ferramentas de organización e xestión empresarial (O)

---

---

**— Cuadrimestre 2**

Traballo de fin de grao 12  
Prácticas externas (O)  
Sistemas de información e sistemas integrados de xestión (O)  
Instrumentos de control e xestión de empresas (O)  
Xestión da innovación e a tecnoloxía (O)  
Administración de empresas e estruturas organizativas (O)

---

## Grao en Fisioterapia

Facultade  
de Fisioterapia

Campus de Pontevedra

### Descrición

